



Valador do Cidadán  
Actuacións de Oficio

Indicador de Sustentabilidade B-7

# **Xestión sustentable da autoridade local e das empresas locais. Aplicación ao municipio de Vigo**

Dirección: Luis Espada Recarey



Concello de Vigo







Valedor do Cidadán  
Actuacións de Oficio

## **Indicador de Sustentabilidade B-7**

Xestión sustentábel da autoridade  
local e das empresas locais.  
Aplicación ao municipio de Vigo

Dirección: Luis Espada Recarey

**Dirección**

Luis Espada Recarey

**Coordinación xeral**

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

Francisco Javier Táboas González-Blanco

**Colaboración**

Javier Iradiel Sánchez

Guillermo Rey González

**Deseño e maquetación**

Diego Durán

**Imprime**

Roel Artes Gráficas

**Depósito Legal**

VG 692-2012

**ISBN**

978-84-695-5631-3

**Oficina do Valedor do Cidadán**

R. Policarpo Sanz, 15 - 4º

(Casa das Artes) • 36202 Vigo

Teléfono: 986 430 047

Fax: 986 227 774

e-mail: [valedordocidadan@vigo.org](mailto:valedordocidadan@vigo.org)

web: <http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor>

# Índice

<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>7</b>
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>8</b>
<b>METODOLOXÍA</b>	<b>9</b>
<b>PARTE I</b>	
<b>SUSTENTABILIDADE E RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL</b>	<b>11</b>
1. DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL	11
2. RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL	15
2.1 Definición	15
2.2 Motivacións e alcance	18
2.3 Vantaxes	20
2.4 Niveis conceptuais da RSE	21
2.4.1 Nivel interno	21
2.4.2 Nivel externo	27
2.5 Directrices dunha empresa sustentábel	30
2.6 Normas relacionadas coa RSE	31
<b>PARTE II</b>	
<b>INDICADOR COMÚN EUROPEU DE SUSTENTABILIDADE B-7</b>	<b>39</b>
1. INDICADORES DE SUSTENTABILIDADE	39
2. INDICADORES COMÚNS EUROPEUS	48
3. INDICADOR COMÚN EUROPEU B-7	51
<b>PARTE III</b>	
<b>DETERMINACIÓN DO INDICADOR B-7</b>	<b>53</b>
1. OBTENCIÓN DE DADOS	53
2. RESULTADOS OBTIDOS PARA VIGO	56
2.1 Resultados por sectores	57
2.2 Resultados por norma	59

<b>PARTE IV</b>	
<b>CONTEXTO MUNDIAL, GALEGO E COMPARATIVA CON OUTRAS CIDADES EUROPEAS</b>	<b>61</b>
1. CONTEXTO MUNDIAL	62
1.1 Extensión da norma ISO 9001	62
1.2 Extensión da norma ISO 14001	64
1.3 Extensión do Regulamento EMAS	66
2. SITUACIÓN EN GALICIA	68
2.1 Norma ISO 14001	68
2.2 Regulamento EMAS	68
2.3 Distribución territorial	69
3. COMPARATIVA DE VIGO CON OUTRAS CIDADES EUROPEAS	71
3.1 Comparativa com cidades españolas	71
3.2 Comparativa con outras cidades europeas	72
<b>CONCLUSIÓNS</b>	<b>73</b>
<b>EPÍLOGO</b>	<b>76</b>
<b>BIBLIOGRAFÍA</b>	<b>77</b>
<b>ANEXO</b>	<b>79</b>
Poboación das cidades españolas analizadas	
Poboación das cidades europeas analizadas	

## INTRODUCCIÓN

O obxectivo dos Indicadores Comúns Europeus de Sustentabilidade é analizar as interaccións entre os aspectos sociais, ambientais e económicos da actividade pública e privada-empresarial, e facelo de tal modo que os progresos nestes ámbitos podan ser comparados, a nivel europeo, polas diversas administracións locais.

Este estudo baséase no “Indicador Común Europeo B-7: Xestión sustentábel da autoridade local e as empresas locais”, aplicándoo ao municipio de Vigo. Este indicador ten en conta os principios da Responsabilidade Social Empresarial ou Corporativa (RSC ou RSE), e serve para cuantificar o número de entidades que empregan procedementos de xestión sustentábel relativamente ao número total de empresas presentes nunha rexión.

A RSE é un compromiso de conduta voluntaria através do cal unha empresa se engaxa a levar adiante a súa actividade económica de maneira rentábel, mais tendo en conta os efectos ambientais, sociais e económicos que produce, a fin de contribuír para a consecución dunha sociedade mellor e un ambiente máis limpo. A RSE alicérzase en tres piares básicos:

- Económico: A empresa debe xerar riqueza no medio no que está inserida e obter lucros co mínimo custo.
- Social: A empresa debe integrarse no seu medio e responder ás procuras sociais que lle son formuladas consoante os valores e pautas de comportamento indicados desde a sociedade.
- Ambiental: A empresa debe coidar o seu medio físico, respectándoo e tentando preservar o ambiente, xa que é vital para a súa propia subsistencia.



## **OBXECTIVOS**

O obxectivo deste estudo é calcular no municipio de Vigo o “Indicador Común Europeu B-7: Xestión sustentábel da autoridade local e das empresas locais”, para estudar e expor os seus resultados con datos de decembro de 2010. Xa que é a primeira vez que se realiza o seu cálculo para o municipio de Vigo, non vai poder ser comparado cos resultados de anos anteriores para ver a súa evolución, mais si se poderá comparar con outras cidades españolas e europeas para ver en que posición se encontra Vigo con respecto a estas e ver o que necesita mellorar en materia de xestión sustentábel ou se, ao contrario, as empresas do entorno xa están a cumprir co seu deber nesta materia.

Na medida en que este Indicador se centra na xestión sustentábel e na Responsabilidade Social Empresarial ou Corporativa, tamén se realiza unha aproximación destes conceptos para comprendermos o que subxace por tras do valor do Indicador. Tamén se introducirán as normas certificábeis usadas habitualmente para o cálculo deste indicador.

## **METODOLOXÍA**

Para desenvolver o estudo e facilitar a súa comprensión, do punto de vista metodolóxico, dividiuse o seu contido en apartados diferentes, aínda que relacionados entre si.

Na primeira parte, aprofúndase no concepto de “Desenvolvemento Sustentábel” que constitúe un alicerce de toda política de sustentabilidade. Alén disto, abórdase o tema da Responsabilidade Social Corporativa ou Empresarial, comezando cunha aproximación do concepto e os motivos que levan a unha empresa a tomar este camiño. A seguir é analizado o tema en profundidade, diferenciando o nivel interno (componentes social e ambiental) e externo (relacións entre os seus grupos de interese e a cadea de fornecemento). Tamén se propón unha serie de directrices que toda empresa sustentábel debe tentar implementar.

Na segunda parte, ao abrigo da Axenda 21, preséntanse os Indicadores Comúns Europeus, comezando pola definición do termo Indicador e aplicando posteriormente esa definición aos de sustentabilidade. Seguidamente explícanse os indicadores comúns europeos (diferenciando entre os obrigatorios e voluntarios) para, finalmente, centrarse no Indicador B-7.

Na terceira parte móstranse os resultados obtidos para o municipio de Vigo con varias desagregacións, ben como unha explicación dos pasos necesarios para a súa obtención de cara a futuras revisións. Por último, realízase unha comparativa deste indicador cos resultados coñecidos doutras cidades.

Finalmente, expóñense as conclusións que se tiran deste estudo.



**PARTE I**

# Sustentabilidade e Responsabilidade Social Empresarial

## 1. DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL

A definición máis comunmente aceptada é a do relatorio Brundtland<sup>1</sup>, presentado en 1987 pola Comisión Mundial sobre Ambiente e Desenvolvemento que o describe como *“o desenvolvemento que satisface as necesidades do presente sen pór en perigo a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as súas propias necesidades”*. Esta definición non deixa de ser moi ampla, de modo vai ser concretizada. Como primeira aproximación, pódese dicir que se trata de garantir unha mellor calidade de vida para a poboación actual e futura e de tomar consciencia dos riscos que o modelo actual de desenvolvemento ten respecto desta sustentabilidade.

Nos inicios da década 1970, o Primeiro Relatorio do Clube de Roma sobre os límites do crecemento puña en causa a viabilidade deste como obxectivo económico mundial. Nesa mesma década, o “ecosocioeconomista” Ignacy Sachs, consultor da ONU para ambiente e desenvolvemento, propuxo o termo “ecodesenvolvemento” como unha combinación do crecemento económico, aumento igualitario do benestar social e preservación ambiental. No entanto, o termo non acabou de calar entre os economistas e

1) En honra á primeira-ministra norueguesa Gro Harlem Brundtland.

políticos, o que fixo que se deixase de utilizar e que se comezase a usar o de “desenvolvemento sustentábel”. A primeira vez que este termo comeza a se tornar popular é en 1992, ano da Cimeira da Terra, organizada por Nacións Unidas no Río de Janeiro. Nesta Cimeira do Río o termo foi asumido pola clase política, dando lugar ao compromiso de 172 gobernos para formular estratexias de desenvolvemento sustentábel. Foron asinados tres grandes acordos: a Axenda 21, a Declaración do Río sobre Medio ambiente e o Desenvolvemento, e unha Declaración de Principios sobre os Bosques. Tamén nesta Cimeira foi redactada a Convención-Cadro das Nacións Unidas sobre a Mudanza do Clima, da que máis tarde surxiría o Protocolo de Quioto (1997).

Para a sociedade do século XXI o avance cara un desenvolvemento sustentábel converteuse nun dos principais retos. Non existe unha única definición ou enfoque, xa que a idea de desenvolvemento sustentábel afecta a numerosas partes, e non é fácil encontrar unha definición coa concorden todas as partes. Nesta ambigüidade encóntrase tamén parte do seu atractivo, xa que non exclúe a ningún actor implicado.

Apesar de se ter demorado moito, a sociedade actual é consciente de que o modelo no que vive é insustentábel. Non é posíbel seguir facendo gala dun consumo esaxerado, a explotación ilimitada de recursos ou unha produción desmedida coa escusa de favorecer o crecemento económico. O mundo non é ilimitado e conta cuns determinados recursos que non van durar indefinidamente. É por isto que é precisa unha mudanza de mentalidade que obrigue á sociedade a facer un uso máis eficiente dos seus recursos. Xa non é válido o pensamento de que o home civilizado está acima das leis da natureza e pode controlalas, ou que pode dispor á vontade dos recursos limitados. Estas ideas, tan propias dun ocidente conquistador, fraquexan perante o novo enfoque do desenvolvemento sustentábel que di que somos unha parte máis do sistema, máis unha engrenaxe da maquinaria, e que debe convivir en harmonía co resto. Mais para seguir a promover esta mudanza de mentalidade é moito importante a educación e tomarmos consciencia do problema, alén de dar a coñecer e premiar os exemplos de actuacións sustentábeis e desenvolver programas para as fomentar. Parece razoábel, e alén diso unha boa práctica sustentábel, o feito de que encanto se devastan árbores dun bosque, sexa plantada unha cantidade equivalente noutra zona. Isto non se pode facer cos combustíbeis fóseis xa que, alén do dano que causan ao ambiente, non se poden reproducir. Neste sentido, a mellor acción é tratar de os usar o máis eficientemente posíbel e, ao mesmo tempo, investir en tecnoloxías alternativas e máis limpas, xa que, caso non facelo, haberá unha dependencia total dun recurso que se esgotará.

Como se pode observar, e adiantando en parte os contidos do indicador B-7, o concepto de sustentabilidade é un concepto global, que se pode comprender facilmente, mais que é moi difícil de aplicar na actividade cotiá. Os expertos aconsellan con razón asumir un principio tan simples como o seguinte: *“pensar globalmente para actuar localmente”*

Características do desenvolvemento sustentábel:

- Manutención ou melloría do sistema ambiental por parte da actividade económica, ben como a calidade de vida de todos os cidadáns.
- Utilización dos recursos eficientemente e promoción da reciclaxe e da reutilización.
- Desenvolvemento e implantación de tecnoloxías limpas.
- Restauración dos ecosistemas danificados.
- Promoción da autosuficiencia rexional.
- Recoñecemento da importancia da natureza para o benestar humano.

Alén dos significados puramente ecoloxistas ou máis “verdes”, existen outras interpretacións do termo desenvolvemento sustentábel, como o da Comisión das Comunidades Europeas que o define como un crecemento baseado no pleno emprego, o respecto ao ambiente e a competitividade das empresas. Isto é, un crecemento económico eficiente que beneficia á sociedade e respecta o ambiente. Os obxectivos que se marcan son a erradicación da pobreza e o aumento da calidade de vida, un uso racional dos recursos, tendo en conta a natureza renovábel e non renovábel deses recursos e a capacidade do ambiente para absorber os impactos e os seus efectos. Relativamente ao desenvolvemento económico, preténdese modificar algúns parámetros da economía tradicional, como a produción e o consumo, para conseguir outros máis sustentábeis.

En consecuencia, non se trata só dun concepto simplemente ecolóxico, mais que tamén incorpora outras variábeis. De todo o anterior pódense tirar dúas conclusións que van servir de ideas principais para referirse ao desenvolvemento sustentábel:

- Primeiramente, que dito desenvolvemento ten unha dimensión económica, social e ambiental, sendo moi importante procurar o equilibrio entre estes tres factores que constitúen a base da sustentabilidade.

- En segundo lugar, que a xeración actual ten a obrigaón de conservar e deixar ás xeracións futuras os suficientes recursos sociais, ambientais e económicos para que podan desfrutar, no mínimo, do mesmo grao de benestar que a xeración actual.

O desenvolvemento sustentábel non debe ser entendido como unha acción puntual, mais como un proceso. Non é posíbel atinxir o máximo nivel desenvolvemento sustentábel inmediatamente senón que a sociedade no seu conxunto debe esforzarse de forma continuada, xa que a medida que se van cumprindo obxectivos surxen outros aínda máis esixentes. O desenvolvemento sustentábel abranxe unha ampla variedade de factores. Non se limita simplemente a un concepto ecolóxico, mais propón un repto tentando combinar unha economía dinámica e unha sociedade capaz de ofrecer oportunidades, ao mesmo tempo que se mellora a produtividade dos recursos e se recusa a idea do crecemento a custa da degradación do medio ambiente.

Moitas empresas e organizacións repararon nas oportunidades que ofrece o principio de sustentabilidade a nivel de diferenciación, melloría da súa reputación ou como vantaxe competitiva fronte ás entidades que non a practican. Por desgraza, ás veces fica simplemente na intención de obter un recoñecemento ou acreditación, mais felizmente nos últimos anos, mercé da divulgación e educación, esa mentalidade ten mudado e demostrouse que se pode ser máis eficiente e rentábel usando un enfoque sustentábel.

Existen dúas estratexias principais relativamente á aplicación do concepto de desenvolvemento sustentábel: por un lado a que atinxe ás organizacións públicas e, por outro, ás privadas.

A estratexia pública está a ser liderada polo proceso da UE. Trátase un proceso que flúe desde acima para abaixo: a Comisión Europea recomenda, propón, asume e asina o compromiso, mentres que os diversos niveis de goberno competentes no tema regulan con maior ou menor velocidade para levar a bon termo as propostas lanzadas desde Bruxelas. Aínda que todos os trámites burocráticos e regulamentarios poden acarretar un custo inicial, a longo prazo espérase acelerar o ritmo de innovación e producir bens e servizos de forma máis eficiente, isto é, máis baratos do que os que se facían antes de forma non sustentábel. Ao contrario, a estratexia privada alicérase no concepto de Responsabilidade Social Empresarial, o cal formula a necesidade de traballar en alianza con todos os axentes da organización: clientes, traballadores, fornecedores, distribuidoras, axentes sociais, administración...

## 2. RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

### 2.1 Definición

A Responsabilidade Social Empresarial (RSE) ten a súa orixe na preocupación do mundo da empresa polo benestar da sociedade. Aínda que este tipo de inquiredanzas non son algo tan recente como se podía crer, xa que no século XIX algúns empresarios industriais europeos e americanos destacaron polas súas preocupacións sobre a sociedade ou a vivenda e polo seu interese no benestar dos seus traballadores e familiares. Foi en meados da década de 1950, nos EUA, cando comezou a usarse a expresión Responsabilidade Social Corporativa ou Empresarial, mentres que na Unión Europea non se desenvolveu plenamente até 1990. O termo como tal é bastante recente e fai referencia a un novo concepto empresarial, lonxe do concepto de empresa que actúa nun mercado de concorrencia perfecta.

O termo RSE ten innúmeras acepcións, e inclusive outras formas de se referir a el. Así, encanto a Unión Europea utiliza a expresión “Responsabilidade Social Corporativa” nos seus documentos, a Organización Internacional do Traballo refírese á “Responsabilidade Social da Empresa” (RSE), denominación que ten calado tamén nos países da América Latina. Por outra parte, a Organización Internacional de Estandarización opta por falar de Responsabilidade Social das Organizacións” (RS). Pola súa vez, o Clube de Excelencia en Sustentabilidade utiliza a expresión “Responsabilidade Corporativa” (RC). As asociacións empresariais españolas que optan polo fomento de comportamentos empresariais sustentábeis utilizan habitualmente este último termo.

Non existe unanimidade na hora de designar esta maneira de xerir unha empresa de maneira responsábel socialmente. Como este concepto comezou a se desenvolver nos países anglosaxóns, o termo máis antigo para se referir a el é o de Responsabilidade Social Corporativa, que é o máis extensamente utilizado.

A seguir expóñense algunhas definicións dalgunhas entidades da sobre a RSE:

*Lord Holme e Richard Watts, Word Business Council for Sustainable Development: “A Responsabilidade Social Corporativa é o continuo compromiso dos negocios para ser guiados eticamente e contribuír para o desenvolvemento económico mentres melloran a calidade de vida dos seus empregados e familias, ben como da comunidade e sociedade en xeral”.*



*Canadian Business for Social Responsibility:* “A Responsabilidade Social Empresarial é o compromiso dunha compañía de operar de maneira económica e ambientalmente sustentábel encanto recoñece os intereses de súas partes interesadas, que inclúen investidores, clientes, empregados, comunidades locais e a sociedade en xeral”.

*Business for Social Responsibility:* “Conseguir o suceso comercial con formas que honren os valores éticos e o respecto pola xente, comunidades e o ambiente natural, conducindo as expectativas legais, éticas, comerciais e outras que a sociedade ten dos negocios, e tomando decisións que balanzan de modo xusto as procuras de todos os públicos de interese chave”.

*European Green Paper:* “Responsabilidade Social Corporativa é esencialmente un concepto segundo o cal, as empresas deciden, nunha base voluntaria, contribuír para unha sociedade máis xusta e para un ambiente máis limpo”. Elaborado pola Comisión Europea en 2001 baixo o título “Fomentar un cadro europeo para a responsabilidade social da empresa”, con base nese presuposto, a xestión das empresas non pode, e/ou non debe, ser nortada apenas para o cumprimento de intereses dos propietarios das mesmas, mais tamén polos de outros detentores de intereses como, por exemplo, os traballadores, as comunidades locais, os clientes, os fornecedores, as autoridades públicas, os concorrentes e a sociedade en xeral.

*Corporate Social Responsibility Europe:* “A Responsabilidade Social Empresarial xira en torno de condutas esenciais das empresas e a responsabilidade polo seu impacto total nas sociedades nas que operan. A Responsabilidade Social Empresarial non constitúe unha opción adicional nen un acto de filantropía. Unha empresa socialmente responsábel é aquela que leva adiante un negocio rentábel, tendo en conta todos os efectos ambientais, sociais e económicos (positivos e negativos) que xera na sociedade.”

De modo que a partir desta definición dedúcese que a RSC ten tres vertentes principais de responsabilidade: económica, social e ambiental.

- Responsabilidade económica: Un dos albos das empresas é o de xerar riqueza no medio do que fan parte. A empresa que obtén lucros e consegue minimizar os custos de tipo económico, social e ambiental, é unha empresa socialmente responsábel.

- **Responsabilidade social:** A empresa ten de dar resposta ás procuras que a sociedade formula segundo os valores e as pautas de comportamento que a propia sociedade indica. Destarte, a empresa conseguirá estar integrada no medio do que fai parte.
- **Responsabilidade ambiental:** A empresa debe coidar tamén o seu medio físico. Isto é unha necesidade para a propia subsistencia da empresa, xa que en España unha grande parte das cuestións ambientais están reguladas e, alén diso, o respecto e coidado do medio ambiente é unha cuestión chave para levar a cabo un desenvolvemento sustentábel.

No contexto actual, a empresa é un dos principais protagonistas da sociedade como parte dunha economía e dunha sociedade global, e as consecuencias derivadas de calquer acción repercuten en maior ou menor grao na propia empresa. A responsabilidade da empresa aumenta na hora de tomar decisións cuxas consecuencias afecten aos diferentes grupos de interese da empresa (clientes, traballadores, provedores, sociedade e propietarios ou accionistas). Estes grupos demandan novas consideracións sociais e ambientais para alén do interese puramente económico. Desta forma créase un cadro de confianza que resulta imprescindible para o desenvolvemento sustentábel.

A RSE parte do facto de que a empresa debe responder a uns criterios éticos de comportamento. A empresa, como calquer organización ten unha actividade que desenvolver e unha meta a conseguir. Para levar a cabo o seu cometido, debe realizar as súas accións dunha maneira que considera acertada, o que condiciona uns hábitos que adquire a empresa. Son eses hábitos adquiridos que deben ser orientados para unha ética que satisfaza as demandas e esixencias dos grupos de interese ou partes interesadas que a rodean. É perante estas partes interesadas ou *stakeholders* que a empresa debe responder, xa que actúa fronte a eles a diario, afectando directamente as súas decisións aos intereses deles. O termo “*stakeholders*” surxe a raíz dun novo modelo de organización que non apenas ten en conta os seus accionistas (perante os que debe render contas), mais que alarga ese círculo de partes implicadas no desenvolvemento da actividade empresarial, incluíndo tamén os clientes, os empregados, os provedores e a sociedade en xeral.

A RSE é algo voluntario, pois ten a súa orixe nunha decisión da empresa de ir para alén do mero cumprimento dunha serie de leis, e está motivada por razóns empresariais. A

capacidade para investir en RSE depende da saúde económica dunha empresa. Estas afirmacións son válidas para calquer empresa, sen importar o seu tamaño ou facturación, xa que se unha empresa se embarca nun compromiso de RSE sen medios económicos suficientes ou sen que sexa unha vía clara de mellora de negocio, estará a desperdizar recursos que podería destinar a outros investimentos necesarios para a melloría da empresa. Por conseguinte, é cada empresa a que debe avaliar se desexa aproveitar ou non a oportunidade de adquirir compromisos en materia de RSE.

A necesidade de que unha empresa se envolva na RSE ven dada polo mesmo funcionamento do mercado. O mercado é quen lle obriga a asumir unha RSE se quer seguir a concorrer porque é moi posíbel que os seus rivais directos o estean a facer. Porén, este motivo non abonda, xa que entón a RSC sería entendida unicamente como unha cuestión de aumentar os lucros, de responder só perante aquelas partes interesadas que se lucran coa empresa. A RSE é máis do que iso e tenta responder ás procuras dos diferentes grupos de interese. A empresa debe encarar no seu día a día decisións que lle afectan (como investir máis ou menos, formar ou non os seus traballadores, respectar ou non o ambiente...) e que non son tomadas por persoas a nivel particular, mais como parte dunha organización, asumindo a responsabilidade de enfrentar as consecuencias que as súas decisións teñen no seu entorno social e ambiental.

## 2.2 Motivacións e alcance

Entre as razóns que as empresas teñen para asumir a RSE cabe destacar o feito de que moitas veces a lexislación ou os mínimos legais non son suficientes para que todos os *stakeholders* sexan tratados de forma digna, polo que existe un comportamento moral ou ético que debe forzar a alcanzar eses mínimos. A prudencia é tamén un factor a considerar, unha vez que unha empresa vai funcionar mellor e vai ser máis fácil o convivio se no medio de traballo primar a cooperación en vez do conflito. Non se pode desdeñar a eficiencia, da que se poden derivar lucros debido á mellora das expectativas das partes envolvidas e á creación dunha mellor imaxe da empresa que a faga máis accesíbel e máis coñecida no seu medio. De resto, cabe valorizar que na actualidade é moi importante a capacidade de resposta, pois a empresa debe estar preparada para anticipar o futuro (e aínda máis en tempos de incerteza como os actuais) e considerar que asumir a RSE é tamén un factor de innovación, xa que comporta levar a cabo as súas funcións dunha forma máis eficiente.

A empresa non ten apenas razóns positivas ou de motivación para implementar unha RSE, mais tamén debe levar en conta factores que presionan as súas decisións, tais como a crecente preocupación coas cuestións ambientais e sociais da sociedade, as esixencias das fontes de financiamento respecto á problemática ambiental e social, a crecente preferencia dos consumidores polos produtos e servizos producidos por empresas socialmente responsábeis ou os requisitos que impoñen moitas empresas multinacionais aos seus parceiros.

Ao abordar as repercusións da RSE para unha empresa é complicado definir uns parámetros exactos do que comporta a implementación da RSE. Sen ir máis lonxe, as actividades filantrópicas son consideradas por algúns como parte da RSE, aínda que os seus impactos reais para a empresa sexan indirectos ou de difícil determinación. Para outros, ao contrario, este tipo de accións non están relacionadas coas actividades da empresa. A RSE costuma esixir recursos humanos, financeiros e de tempo. Por iso, é lóxico supor que as empresas en áreas con maior prosperidade económica teñan máis recursos e, portanto, sexan máis propensas a investir en cuestións ligadas coa RSE. Conforme o contexto en que está inmersa unha empresa muda, o concepto da RSE tamén evolúe. Existen catro elementos que influencian este proceso:

- Globalización: Esixe mudanzas nas formas en que tradicionalmente as empresas realizaron as súas operacións.
- Gobernanza: Refírese ao proceso de tomada de decisións tanto nas entidades con fins lucrativos como nas non lucrativas.
- Desenvolvemento sustentábel: Para mudar a forma de producir bens e servizos.
- A expansións de territorios: No noso caso a UE, que coa entrada de novos países, redefine o concepto de RSC. Outros exemplos son a ALCA/NAFTA (América do Norte) ou o Mercosul (América do Sul).

Así sendo, o contexto evolúe, non fica estático, e a mesma acontece ás empresas. O mercado e as empresas concorrentes esixen a adaptación da empresa ás novas circunstancias. Esta adaptación á mudanza debe levar a mellorías nos produtos e servizos e a eliminación daqueles que estean obsoletos. Pódense abrir novas instalacións ou fechar as antigas, ficar na súa localización actual ou mudar para o estranxeiro. Estas mudanzas tamén se aplican á RSE, xa que se trata dunha estratexia para alcanzar os obxectivos marcados e contribuír para introducir mudanzas e innovacións na empresa. Destarte pódese comprender que cousas que hoxe ou onte tiveron sentido para a

empresa, poden non telo mañá. En definitivo, por máis que se delimitar o concepto de RSE, este vai mudar e evolucionar no futuro.

Outra das cuestións que surxen ao lidar coa RSE é se pode ser aplicada a todos os tipos de empresas, xa que xeralmente os exemplos máis destacados da RSE están asociados con grandes empresas ou multinacionais. Porén, é unha estratexia válida para empresas de todos os tamaños. Hai que ter en conta que todo país está constituído por un grande número de pequenas e medias empresas (PMEs), polo que é preciso que incorporen aos seus procesos os anteditos conceptos para alcanzar un desenvolvemento sustentábel a partir da RSE. Alén do tamaño da empresa, tamén influencia o sector, estando as empresas que operan en sectores como a enerxía, os transportes, o químico... expostas a reaccións negativas da sociedade ou doutras partes interesadas. De resto, as grandes empresas que producen bens de consumo final como roupas, calzados, brinquedos... están cada vez máis en contacto co consumidor que, cada día, está máis informado e interesado coa forma en que foron producidos os bens que vai adquirir. É por isto que estas empresas tiveron que reaxir rapidamente como resultado das reclamacións ou do activismo que promoven os medios de comunicación sobre as condicións en que se desenvolven os seus produtos, quer baixo o seu comando, quer subcontratado. Como resultado diso, e sabendo que grande parte da actividade desas empresas é realizada en países emerxentes ou en desenvolvemento, vense obrigadas a implementar códigos éticos de conduta aos seus fornecedores que, se non fosen cumpridos, darían cabo do seu relacionamento.

## 2.3 Vantaxes

A experiencia demostra que case todas as empresas obtiveron beneficios de varios tipos despois de ter iniciado un proceso de RSE. Entre as axencias que confirman esta realidade áchase a Comisión das Comunidades Europeas, a cal considera que este “investir máis” en varios ámbitos, tais como nas novas tecnoloxías, en prácticas comerciais respectosas co ambiente ou en formación e mellora de condicións de traballo, permite incrementar a produtividade da empresa. O impacto na produtividade é difícil de cuantificar, podendo establecerse efectos directos e indirectos.

- Entre os directos, por exemplo, mellora o ambiente de traballo que axuda a obter un maior comprometemento e motivación dos traballadores coa empresa, aumentando a produtividade ou unha utilización máis eficiente dos recursos.

- Entre os indirectos, por exemplo, un aumento no interese dos consumidores e potenciais investidores, o que permitiría aumentar a súa cuota de mercado e mellorar a súa imaxe corporativa. Mais non é apenas a mellora na imaxe da empresa, xa que o contrario levaría a unha avaliación negativa da empresa por parte dos consumidores, premiando outras empresas ou marcas que tivesen unha actitude máis responsábel. Tamén permite anticipar futuras situacións problemáticas cumprindo varios requisitos antes de seren regulamentados por lei. Alén diso, algunhas institucións financeiras recorren a listas de control socioambiental para avaliar os riscos de empréstitos concedidos a empresas e investimentos feitos nelas.

Se ben o concepto de desenvolvemento sustentábel é unha realidade macroeconómica resultante da suma dos comportamentos de todos os actores económicos, sociais e políticos a nivel global, a RSE é un concepto microeconómico aplicado á empresa para analizar o grao de eficacia do punto de vista do desenvolvemento sustentábel. Neste contexto, a eficiencia é avaliada do punto de vista dos accionistas, da empresa, da sociedade e resto de partes interesadas. Para unha empresa ser sustentábel, debe ser eficiente en todas estas áreas.

## 2.4 Niveis conceptuais da RSE

O concepto de RSE debe ser entendido en dous niveis. O nivel interno relaciónase cos traballadores e, máis xenericamente, con todas as partes interesadas afectadas pola empresa e que, influencian no alcance dos seus resultados. O nivel externo ten en conta as consecuencias das accións dunha organización sobre os seus componentes externos, nomeadamente, o ambiente, os seus parceiros de negocio e medio envolvente.

### 2.4.1 Nivel interno

Dentro deste nivel existe un componente social e outro ambiental.

#### A) Componente social

Abranse todo o relativo a:

- Recursos humanos

- Saúde e seguraza no traballo
- Axustes na empresa

### *Recursos humanos*

Na medida en que a RSE ten como obxectivo, entre outros, garantir o respecto polos Dereitos Fundamentais, tais como o dereito a non estar submetido á escravatura, tortura ou outros tratamentos deshumanos ou degradantes, o dereito á dignidade, á liberdade de opinión e de expresión, privacidade, os dereitos laborais (o respecto ao dereito de asociación, de convención colectiva, a non estar discriminado no traballo, abolición do traballo infantil, eliminación do traballo forzado...), o dereito á saúde ou á educación. É preciso recoñecer o importante papel que a empresa pode ter en contribuír para o cumprimento dos Dereitos Fundamentais na sociedade.

Neste ámbito, as medidas a seren tomadas son:

- Aplicar un proceso de aprendizaxe e formación continuada.
- Transparencia e comunicación interna entre todos os niveis da organización.
- Encontrar o equilibrio certo entre traballo, familia e lecer.
- Fornecer un servizo de gardería.
- Aplicar unha contratación non discriminatoria.
- Igualdade de remuneración e perspectivas profesionais para as mulleres.
- Participación en lucros e no capital por parte dos traballadores para incentivar o compromiso coa xestión e a marcha da empresa.
- Monitoramento e xestión de activos dos traballadores de baixa por incapacidade laboral ou accidentes.

A seguir móstranse algúns exemplos destas medidas:

Sobre a contratación non discriminatoria, haberá que tomar aquelas medidas que faciliten a contratación de persoas pertencentes a minorías étnicas, traballadores de maior idade, desempregados de longa duración e persoas con incapacidade recoñecida. No que respecta á formación permanente, trátase de coñecer mellor as necesidades e de manter unha relación coas entidades que deseñan os programas de educación e formación, para alén de axudar a facilitar a pasaxe da vida escolar para profesional a partir da colaboración en prácticas de xovens e promover a aprendizaxe permanente de

todos os traballadores, especialmente aqueles con menor nivel educativo e de formación. Tamén se pode aproveitar para formar os traballadores en RSE, como moitas empresas fan co seu propio persoal e colaboradores.

### *Saúde e seguranza no traballo*

As cuestións de saúde e seguranza no local de traballo teñen sido abordadas mormente através da lexislación. No entanto, a tendencia a subcontratar tarefas a contratistas e fornecedores fai con que as empresas dependan do comportamento dos seus contratantes nas áreas de saúde e seguranza, especialmente cando se traballa en instalacións da propia empresa.

Actualmente as empresas utilizan estratexias complementares de promover a saúde e seguranza como reclamo para adquirir produtos e servizos doutras empresas ou para se promocionar. Estas accións adicionais, voluntarias e que exceden as normativas legais, albexan a prevención. Consoante aumentan estes esforzos para mellorar a saúde e seguranza no local de traballo (ao igual que a calidade dos produtos e servizos), tamén se tenta que este esforzo sexa recoñecido socialmente e sexa usado con fins comerciais. Por exemplo, nos sistemas de certificación de produtos nos que se inclúen informacións sobre criterios de saúde e seguranza, tanto da empresa como dos seus subcontratantes.

### *Axustes na empresa*

Refírese á reestruturacións, xestión de crises empresariais e adaptación á mudanza. Calquer unha empresa ao longo da súa existencia ten de lidar con crises económicas, axustes nos seus produtos e procesos produtivos para encarar con suceso as novas procuras do mercado. É importante, portanto, tanto anticipar a mudanza como o momento de a realizar.

Calquer empresa que aplica un proceso de RSE debe ter unha estratexia para facilitar o fluxo de informacións a fin de que as outras partes interesadas podan axustarse á mudanza co mínimo custo social e persoal que supón unha reestruturación. Unha das respostas máis amiudadamente usada no momento do axuste é o despedimento, mais iso contraría unha das principais regras da xestión moderna dos recursos humanos, pois os traballadores son un dos principais activos da empresa. Nunha estratexia de RSE é recomendado que antes de tomar unha medida drástica de despedimento se realice



unha análise do impacto sobre a sociedade e se busquen fórmulas que o eviten (redución de salarios, redución do día de traballo, traslado de persoal...), e, caso non exista outra posíbel solución, a empresa colabore cos actores locais para encontrar novas formas de crear empregos.

## **B) Componente ambiental**

É referida ás actuacións que teñen a ver xeralmente coa xestión dos recursos necesarios para a produción de bens, xa que eses recursos xeran desperdicios ou residuos que deben ser tratados.

Unha política de empresa respectosa co ambiente defínese como a capacidade de fornecer a prezos competitivos bens e servizos que satisfazan as necesidades humanas e melloren a calidade de vida, ao mesmo tempo que vaian reducindo progresivamente os impactos ambientais, ben como o consumo de recursos ao longo do ciclo de vida do produto. Exemplos claros desta política son a redución no consumo de materiais e enerxía por unidade de *output*, a diminución na medida do posíbel da contaminación asociada aos produtos e servizos da empresa, aumento da reciclaxe dos materiais ao longo de toda a cadea do produto, a promoción dunha utilización sustentábel de recursos renovábeis... Debe considerarse que se existen residuos e emisións é que non se están a utilizar eficientemente os recursos materiais e enerxéticos. Por iso, o obxectivo é reducir os residuos ao máximo, xa que indican unha infrautilización dos recursos empregados no proceso produtivo. E é que estes desperdicios obrigan á empresa a investir capital e recursos para os xerir ou os eliminar (armazenamento, tratamento, transporte, vertido, multas...), o que implica un custo económico sen que contribúa nengún valor acrescentado ao produto final. Pódese focar como un custo de oportunidade que a empresa debe enfrentar.

Cando se trata de abordar as ineficiencias derivadas do funcionamento da empresa no tratamento dos residuos existen dúas posicións. Unha, a máis tradicional, consiste en actuar por reacción, isto é, unha vez xerado o residuo trátase de xerir o problema da mellor forma posíbel. A outra, que aposta na innovación, a eficiencia e a sustentabilidade, consiste en redeseñar a liña do proceso produtivo, variando as transformacións e as materias primas, de maneira que estes residuos non se produzan ou o fagan en menor medida.

Toda a despesa económica e de recursos que lle supón á empresa estas melloras en aras dunha política máis respectosa co ambiente compénsase cos beneficios que xera sobre os produtos, os procesos e a propia empresa.

Sobre os produtos, entre outras cousas:

- Serán de mellor calidade e estarán menos expostos a defeitos, xa que serán revisados de maneira máis sistémica e rigorosa.
- Serán mais seguros.
- O seu custo unitario diminúe ao substituír os materiais por outros máis económicos e dunhas necesidades de embalaxe menores.
- Os subprodutos terán máis valor, xa que o seu deseño facilitará a súa reutilización e reciclaxe.

Sobre os procesos produtivos:

- Prodúcense melloras na produtividade dos recursos.
- Menor tempo de *set up* e de parada debidos ás melloras introducidas por causa do redeseño.
- Economización de materiais en consecuencia da substitución, reutilización ou reciclaxe de *inputs* produtivos.
- Mellor utilización dos subprodutos.
- Menor consumo enerxético.
- Menor necesidade de almacenamento e mellor xestión de residuos e emisións.
- Menor custo de xestión de residuos e emisións.
- Melloras condicións de seguranza e hixiene para os traballadores.
- Menores riscos asociados a unha posíbel vulneración da lexislación ambiental.

Para a empresa:

- Posibilidade de acceder a novos mercados.
- Mellorar a imaxe da empresa e reputación.
- Aumento da confianza de consumidores e intermediarios.
- Novas oportunidades de marketing.
- Facilitade de relacións das Administracións públicas.

Mais para que unha empresa encontre motivos para apostar nunha xestión ambiental precisa certos estímulos, entre eles:

- Unha incipiente consciencia ambiental na propia empresa.
- O propio interese, xa que poden aproveitar as oportunidades derivadas da optimización de procesos.
- O cumprimento da lexislación ambiental é un dos motivos principais, ao ser de obrigado cumprimento.
- Tamén a competitividade entre as empresas xoga un papel importante, xa que pode ser unha vantaxe competitiva fronte a outra que careza dunha xestión ambiental máis apropiada.
- Nun mundo a cada vez máis globalizado, o consumidor final coñece como traballa a empresa na que adquire os seus produtos. En moitos países nos que se consomen os seus produtos, os consumidores están moi conscienciados e valorizan este tipo de iniciativas.
- Esixencias no canal de distribución. Con frecuencia xérase presión entre as empresas do canal e son esixidos compromisos acima da legalidade para seguir participando nel.
- A opinión pública, os medios de comunicación e as organizacións ambientais inflúen na apreciación que se ten dunha empresa.

En definitivo, unha empresa que pretenda competir seriamente e que teña vocación de lideranza debe focar os novos desafíos como oportunidades de mellora. O caso das procuras ambientais, a cada vez máis esixentes pola sociedade, non debe ser unha excepción, xa que delas pódense obter vantaxes competitivas que haberá que ir aumentando progresivamente para que sexan duradoras. Trátase de definir e apostar nunha política ambiental en termos estratéxicos en longo prazo.

Algunhas das ferramentas máis populares a disposición de calquer empresa para mellorar os seus padróns ambientais son as seguintes:

- Implementar un Sistema de Xestión Ambiental (SXA) para levar a cabo a súa política ambiental.
- Xestión e auditoría ambiental (EMAS, ISO14000...) que anima as empresa a criar de forma voluntaria sistemas de auditorías e co compromiso de promover a mellora constante do rendemento ecolóxico.

- O ecodeseño, que consiste en esforzarse en introducir as consideracións ambientais apropiadas ao longo de todas as etapas de deseño e desenvolvemento do produto. O obxectivo é non só conseguir que o produto sexa altamente eficiente en termos ambientais, mais en ter en conta tamén a reutilización e a reciclaxe do produto.
- *Benchmarking*, que consiste en comparar os resultados e procesos dunha empresa con respecto a uns padróns dados, co obxectivo de encontrar oportunidades para a mellora de produtos e procesos.

Todo isto require un compromiso serio por parte de toda a empresa, sendo necesaria a implicación de todas as persoas, especialmente da dirección, sempre mais reticente a este tipo de mudanzas, que debe asumir e transmitir ao resto da empresa.

### **2.4.2 Nivel externo**

A RSE non se limita apenas ao ámbito da propia empresa, mais esténdese fora desta, tanto a nivel particular como através dos seus fornecedores, distribuidores, consumidores, parceiros... O feito de participar nunha sociedade cada vez máis globalizada, fai con que estas fronteiras sexan cada vez máis abranxentes e se estendan por todo o globo. Estas relacións son clasificadas en dous grupos: por un lado as relacións coa comunidade, e, por outro, as relacións cos membros da cadea de fornecemento.

#### **A) Relacións no ámbito das comunidades locais**

Enténdese por acción social da empresa o conxunto de accións sen fins lucrativos cuxa misión é mellorar a calidade de vida das comunidades en que actúa através de proxectos sociais, educacionais, culturais ou ambientais. As actividades desenvolvidas por medio desta acción social son moito diversas e comprometen a empresa coa comunidade en que actúa. Algunhas desas accións son as seguintes:

- Colaboración con organizacións de defensa do ambiente.
- Suporte a actividades recreativas, deportivas ou culturais a nivel local.
- Promoción do desenvolvemento económico local.
- Realización de doazóns para accións de interese xeral.

Factores facilitadores do desenvolvemento de actividades de acción social por parte da empresa:

- O forte crecemento nos últimos decenios da procura de bens en consecuencia, entre outros factores, dos maiores niveis de renda e cultura das persoas e da sociedade.
- A revisión da función social da empresa.
- A incapacidade de autofinanciamento de moitas actividades de interese xeral e a presión das necesidades económicas dun amplo colectivo de organizacións públicas e privadas sen fins lucrativos.
- Mellora do trato fiscal e do patrocinio.

Vantaxes:

- Mellora a imaxe da empresa.
- Comunica unha mensaxe de empresa sensíbel e incrementa a súa visibilidade.
- Alarga o seu mercado, permitindo o acceso máis público.
- Aumenta o seu relacionamento con outros axentes locais.
- Influencia na súa competitividade, despoñendo doutras empresas que non realizan actividades deste tipo.

Cando o público é informado através dos medios de comunicación de que unha empresa usa traballo infantil, non respecta os dereitos fundamentais dos traballadores, participa en casos de financiamento oculto de partidos políticos ou ten prácticas desleais, sofre xeralmente unha acentuada depreciación da súa imaxe e reputación pública. En contrapartida, varios estudos teñen destacado a preferencia dos consumidores polas empresas envolvidas no respecto polos valores ambientais ou sociais. Con efecto, os resultados das empresas moitas veces dependen da reputación e imaxe que delas se ten.

## **B) Relacións coa cadea de fornecemento**

Ao longo da cadea de fornecemento ou rede loxística intégranse fornecedores, produtores, clientes, subcontratantes... e as empresas deben estar conscientes de que a súa imaxe e resultados poden verse afectados polas prácticas dos seus parceiros ao longo de toda a cadea. Portanto, non é suficiente que a propia empresa realice activida-

des de RSE, mais que debe garantir que o resto da cadea manteña unha posición coherente cos seus principios.

Isto pode ser exemplificado coas condicións de traballo e os dereitos humanos, pois costumaban ser temas moitas veces negligenciados polas grandes empresas multinacionais no momento de subcontratar ou se realocar. Ás veces é complexo abordar os problemas éticos, xurídicos e políticos que supón o respecto polos dereitos humanos, xa que as responsabilidades son moitas veces dos gobernos e non das empresas ou das empresas subcontratadas. Así sendo, a empresa coñecer as condicións en que se desenvolven todos os procesos en relación á súa cadea de fornecemento, ben como garantir que as alianzas que forme sexan con parceiros compartillen as súas posicións. Recentes escándalos sobre as condicións de traballo e ambientais no Sudeste da Asia afectaron a grandes empresas que viron os seus nomes e marcas prexudicados, para alén de causar perdas significativas no seu volume de negocios tendo que investir grandes cantidades para mellorar a súa imaxe. Felizmente hoxe estas situacións son denunciadas máis rápido e a presión para que non se produzan é maior.

En sectores como o téxtil, brinquedos ou a electrónica, as grandes empresas tiveron que impor códigos de conduta para homoxeneizar e respectar certas leis en calquer país en que se realicen accións no seu nome. Estes códigos de conduta inclúen referencias á explotación, á non discriminación e asedio no traballo, á prohibición do traballo forzado ou á esixencia dun "salario digno". En suma, procúrase o respecto dos Dereitos Fundamentais.

A partir dunha relación máis estreita cos outros membros da cadea de fornecemento pódense obter vantaxes como produtos e servizos de calidade, unha maior fiabilidade e compromiso nas entregas, establecer relacionamentos "gaña-gaña" cos provedores evitando condicións de pagamento que ameacen a solvencia financeira destes, ou implementar parcerías e alianzas con concorrentes para reducir custos e compartir despesas...

En conclusión, pódese afirmar que a RSE é unha forma de integrar certos valores na xestión empresarial. Cando a empresa se relaciona en maior grao cos seus *stakeholders* é capaz de xerenciar mellor o seu desenvolvemento e resultados. As razóns que a levan a asumir eses compromisos de RSE son múltiples e variadas, quer por presións

externas da empresa, quer polas internas, quer por conveniencia da propia empresa. A RSE vai alén da conformidade cos requisitos legais e esixe que as empresas cumpran non apenas os requisitos regulamentares, mais que tamén invistan voluntariamente máis en capital humano, medio e relación coas partes interesadas.

Finalmente, pódese concluír, en síntese, que unha empresa é considerada responsábel se, entre as súas iniciativas, leva en conta:

- Unha relación de diálogo e confianza mutua coas partes interesadas.
- A integración nas súas actuacións empresariais de preocupacións sociais e ambientais.
- As súas accións non só cumpren as leis, senón que as exceden voluntariamente.

Aínda que parezan ideas obvias e xenéricas, a súa implementación é moi complexa. O relacionamento coas partes interesadas abranxe diversas situacións, de ouvir e atender os seus pedidos até interaxir con eles, alén de tentar manter unha relación amigábel e respectosa, o que nen sempre é fácil, mormente cando os intereses moitas veces non coinciden entre todas as partes interesadas. A integración dos aspectos sociais e ambientais debe realizarse no núcleo da actividade, non como algo adicional, mais como componente da actividade diaria. O facto de as accións seren realizadas de forma voluntaria implica que non deben ser obrigadas por lei. No entanto, as leis varían en cada país e aquilo que en España pode ser unha acción obrigatoria para o ambiente, na China pode ser voluntaria.

## 2.5 Directrices dunha empresa sustentábel

A seguir expóñense resumidamente as principais liñas a seren seguidas por unha empresa para cumprir unha política de RSE apropiada:

*Servir á sociedade cun produto/ servizo útil e en condicións xustas*

Deben descartarse os produtos ou servizos que prexudican a sociedade, as persoas e á súa saúde. Ao longo da cadea de fornecemento os produtos deben ser fornecidos en termos aceptábeis de calidade, servizo e prezo para todos os axentes implicados.

*Criar riqueza de forma mais eficaz*

Comprendendo riqueza como a xeración dun lucro, con base na mellora da posición competitiva que poda xerar no futuro a empresa. Alén do lucro deben ser considerados outros indicadores importantes, tais como o capital intelectual, a innovación, a posición do mercado,...

*Respectar os dereitos humanos*

Débense establecer condicións de traballo dignas que favorezan a seguranza e saúde profesional, empregando para iso as ferramentas e equipamentos de traballo que garantan a seguranza e benestar dos empregados da empresa. Reforzar o desenvolvemento persoal e profesional dos traballadores através da formación continuada. Procurar un maior equilibrio entre traballo e vida familiar, respectar os horarios de traballo, dar a todos os traballadores un trato digno na empresa, independentemente da súa orixe, raza ou sexo.

*Respectar o ambiente*

Evitar no posíbel calquer tipo de contaminación, minimizar a xeración de residuos que podan afectar ao ambiente, aos traballadores e ás comunidades próximas á área en que a empresa estea establecida. Racionalizar o uso dos recursos naturais e enerxía. Caso non sexan posíbeis estes obxectivos, evitar a polución e procurar a forma máis eficiente de consumo para minimizar o impacto.

*Cumprir coas leis, regulamentos, normas e costumes*

Respectar os lexítimos contratos e compromisos con fornecedores, clientes, comunidade e traballadores dentro do cadro dos requisitos éticos que permitan o desenvolvemento de relacións económicas civilizadas e humanas.

**2.6 Normas relacionadas coa RSE**

Para avaliar e certificar a RSE nas empresas son precisas unha serie de normas das que existe unha grande variedade. No caso da RSE non existen normas legalmente obrigatorias xa que, como referido, a natureza da RSE debe ser voluntaria pois, caso con-



trario, habería unha tensión constante para rebaixar ao máximo os requisitos legais dunha hipotética RSE padrón.

## **ISO 14000 (International Organization for Standardization)**

A teor do suceso da serie de normas ISO 9000, a partir de 1996 comezouse a publicar a serie de normas ISO 14000 de xestión ambiental.

A norma ISO 14000 é un conxunto de documentos de xestión ambiental que, unha vez implementadas, vai afectar todos os aspectos da xestión dunha organización nas súas responsabilidades ambientais e vai axudar as organizacións a tratar estas cuestións de forma sistemática, a fin de mellorar o desempeño ambiental e as oportunidades de lucro. Os padróns son voluntarios, non teñen obrigación legal e non establecen un conxunto de indicadores cuantitativos en termos de niveis de emisión ou métodos específicos para medir esas emisións. É por iso que a ISO 14000 se centra na organización establecendo un conxunto de padróns con base en procedementos e unhas directrices coas que unha empresa pode construír e manter un sistema de xestión ambiental. Neste sentido, calquer empresa que quer ser sustentábel en todos os seus campos de acción, debe estar consciente de que debe asumir de cara o futuro unha actitude preventiva que lle permita recoñecer a necesidade de integrar a variábel ambiental nos seus mecanismos de decisión empresarial.

Cabe significar dous aspectos da ISO 14000:

- 1 A certificación do Sistema de Xestión Ambiental.
- 2 O Selo Ambiental co que serán certificados os produtos/servizos.

A norma está composta por seis elementos:

- 1 Sistemas de Xestión Ambiental
- 2 Auditorías Ambientais
- 3 Avaliación do desempeño ambiental
- 4 Análise do Ciclo de Vida
- 5 Etiquetas Ambientais
- 6 Termos e definicións

Dentro da serie ISO 14000, a norma ISO 14001 pode ser certificada, é aceptada internacionalmente e indica como definir un Sistema de Xestión Ambiental (SXA) efectivo. A norma está proxectada para alcanzar un equilibrio entre a manutención da rentabilidade e a redución dos impactos sobre o ambiente e, co apoio das organizacións, é posíbel alcanzar os dous obxectivos. A ISO 14001 está focada en calquer organización, sen importar tamaño ou sector, que procure unha melloría dos impactos ambientais e cumprir a lexislación en materia ambiental.

### **EMAS (Eco-Management and Audit Scheme)**

O Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS) é unha normativa voluntaria da UE que recoñece ás organizacións que teñan implementado un SXA (Sistema de Xestión Ambiental) e adquiriron un compromiso de melloría continuada. Este regulamento data de 1995 e inicialmente era sómente válido para a industria, mais desde o ano 2001 o EMAS é aplicábel en todos os sectores. En 2009 o regulamento foi revisado e actualizado.

As organizacións recoñecidas co EMAS teñen unha política ambiental definida, fan uso dun sistema de xestión ambiental e dan conta periodicamente do funcionamento deste através dunha declaración ambiental verificada por organismos independentes. Estas entidades son recoñecidas co logótipo EMAS que garante a confiabilidade da información fornecida pola empresa.

A implementación do EMAS nunha empresa é feita através das seguintes etapas:

- 1 Análise ambiental inicial
- 2 Política ambiental
- 3 Planeamento
- 4 Execución e funcionamento
- 5 Revisión: verificación e accións correctivas
- 6 Declaración ambiental
- 7 Verificación e validación ambiental (verificadores)
- 8 Rexistro EMAS (órgano competente)
- 9 Utilización do logótipo

Esixe o compromiso da alta dirección, unha declaración de intencións polas cais se asume a intención de corrixir, adaptar e manter unha política organizacional que incorpo-

re o factor ambiental como parte importante da actividade empresarial. A súa implementación non é unha tarefa trivial e require un estudo aprofundado da estrutura da organización envolvida e ver como esta se vai modificar para atender as esixencias impostas pola EMAS.

### **GRI (Global Reporting Initiative)**

A Global Reporting Initiative é unha institución independente que creou o primeiro padrón global para a preparación de relatorios de sustentabilidade das empresas que queren avaliar a súa actividade económica, ambiental e social. Foi proxectada para aumentar a calidade da preparación dos relatorios de sustentabilidade, para os igualar cos relatorios financeiros no tocante ao seu rigor, credibilidade, periodicidade e verificabilidade. Non pode ser considerado unha norma no senso estrito, mais ven a ser como unha proposta de presentación das informacións sobre as realizacións conseguidas en materia social, ambiental e económica. A idea é integrar estas tres áreas nun único conxunto informativo.

A GRI conta coa participación activa de representantes de organizacións de dereitos humanos, dereitos do traballo, investigación, ambientais, corporacións, investidores, institucións financeiras, gobernos,... o que lle permite chegar a un consenso sobre o que este guía debe incluír, xa que inclúe os puntos de vista de todas estas partes.

En xaneiro de 2009 máis de 1.500 organizacións en 60 países usaban a metodoloxía da GRI nos seus relatorios de sustentabilidade.

### **Serie AA1000 (Institute for Social and Ethical Accountability)**

AccountAbility foi fundada en Londres en 1995, co obxectivo de "desenvolver novas ferramentas, formas de pensar e conectar empresas, institucións e alianzas para mellor responder aos novos desafíos globais." O traballo de AccountAbility está relacionado coa RSE mais non se limita a iso, abranxendo áreas como a competitividade responsable, a cooperación na busca da eficiencia, colaboración gobernamental, compromiso coas partes interesadas,...

A maior parte do traballo desta organización abranxe a serie de normas AA1000, proxectadas para axudar as organizacións a seren máis responsables e sustentábeis.

Este conxunto de normas comprende a AA1000 AccountAbility Principles Standard (2008) (AA1000APS), a AA1000 Assurance Standard (2008) (AA1000AS) e a AA1000 Stakeholder Engagement Standard (2005) (AA1000SES). Esta serie de normas foi desenvolvida para fornecer ás organizacións, sexa cal for o seu sector, tamaño e rexión, duns padróns de mellora da sustentabilidade. As súas características son as seguintes:

- Abranxe todos os resultados da organización: económicos, sociais e ambientais, ou sexa, todo o ligado ao desenvolvemento sustentábel.
- Examina como a organización coñece, comprende e integra as diferentes partes interesadas.
- Concéntrase especialmente nas partes interesadas e na precisión da información fornecida, ben como nas políticas da organización e no cumprimento das regulamentacións obrigatorias.
- Estabelece os criterios para asegurar as declaracións públicas de modo a fomentar a credibilidade dos relatorios de sustentabilidade.
- Avalía as informacións fornecidas ás partes interesadas sobre a capacidade da organización de responder ás súas preocupacións como evidencia dun compromiso permanente con elas.

Esta norma é un padrón de acompañamento do proceso, non unha norma de avaliación de resultados e nela destaca o envolvimento das diferentes partes interesadas no proceso de elaboración de relatorios de RSE.

Non certifica, mais axuda á organización a definir uns obxectivos para que a RSE se incorpore na estratexia da organización. A norma, ao contrario doutras, concéntrase en establecer un proceso de diálogo coas partes interesadas da organización. No entanto, o problema que presenta é a súa aplicación, pois é radicalmente diferente para cada empresa ao depender do seu relacionamento coas partes interesadas, cando o que moitas organizacións procuran é un aplicativo tan standard canto posíbel.

### **SA8000 (Consello sobre Prioridades Económicas)**

O obxectivo da SA8000 é ofrecer unha norma con base nos instrumentos internacionais da Declaración dos Dereitos Humanos e as leis do traballo nacionais, que protexa e ampare a todo o persoal sob o control e influencia dunha empresa incluíndo o perso-

al contratado pola propia empresa, ben como polos seus fornecedores e subcontratantes. Entre as esixencias a seren cumpridas están:

- Ausencia de traballo infantil (menores de 15 anos).
- Prohibición de traballo forzado.
- Saúde e seguranza (proporcionando un ambiente saudábel e seguro).
- Liberdade de asociación.
- Non discriminación racial, relixiosa, sexual ou política.
- Disciplina (prohibición de castigos corporais ou abuso verbal).
- Horas de traballo (consoante a lexislación aplicábel, non superior a uns límites).
- Salarios (debe ser suficiente para atender as necesidades básicas).

A norma SA8000 (1997) pode ser resumida como unha homoxeneización dos códigos de conduta que as grandes corporacións comezaron a implementar na década de 1990. A área onde se foca é sobre as relacións de traballo e na avaliación da existencia de condicións dignas de traballo ou na ausencia de traballo infantil. Pódese certificar, sendo a súa metodoloxía semellante á das normas ISO 9000 e ISO 14000.

En 30 de setembro de 2010, un total de 2.330 empresas de 62 países tiña este certificado.

### **ISO 26000 (International Organization for Standardization)**

Esta norma foi publicada en 2010. Non ten propósito de ser certificatoria, regular ou de uso contractual. A norma foi desenvolvida a partir da perspectiva de múltiples partes interesadas coa participación de especialistas de máis de 90 países e 40 organizacións internacionais ou rexionais envolvidas en varios aspectos da responsabilidade social. Estes especialistas representaron a seis diferentes grupos de partes interesadas: consumidores, goberno, industria, traballadores, ONGs e servizos, apoio, investigación e outros. Alén diso, tomáronse disposicións específicas para alcanzar un equilibrio entre países desenvolvidos e en desenvolvemento, ben como un equilibrio de xénero nos grupos de redacción.

Esta norma internacional fornece orientacións sobre os principios que fundamentan a responsabilidade social, os temas centrais e as cuestións que a constitúen, ben como

as formas de integrar un comportamento socialmente responsábel nas estratexias, sistemas, prácticas e procesos organizacionais existentes. Tamén resalta a importancia dos resultados e mellorías no desempeño da responsabilidade social. A ISO 26000 visa ser útil para todos os tipos de organizacións do sector privado, público e non gobernamental, independentemente se foren grandes, pequenas ou medias ou estiveren a operar en países desenvolvidos ou en desenvolvemento.

Alcance:

- Axudar ás organizacións na orientación das súas políticas de RSE relativamente ás diferenzas culturais, ambientais e legais, ben como das condicións económicas de desenvolvemento.
- Fornecer un guía práctico relacionado co funcionamento da RSE, identificar e envolverse coas partes interesadas e aumentar a credibilidade dos relatos e declaracións feitas sobre a SER.
- Enfatizar o rendemento e melloría dos resultados.
- Aumentar a confianza e satisfacción das organizacións entre os seus clientes e outras partes interesadas.
- Ser consistente e non axir en desacordo cos documentos existentes, as convencións internacionais e os padróns existentes.
- Promover a terminoloxía común no dominio da RSE, e ampliar a conciencia sobre estas cuestións.



**PARTE II****Indicador común europeu de sustentabilidade B-7****1. INDICADORES DE SUSTENTABILIDADE**

A Axenda 21<sup>2</sup> menciona nunha das súas primeiras fases que se debe avaliar o impacto das actividades urbanas e facer un seguimento dos progresos realizados, realzando a necesidade de apoiarse nunha serie de indicadores de sustentabilidade para representar a situación actual, e ser capaces de valorizar se no futuro a situación ten mellorado e cuantificala. En calquer área que teña a ver co control ou avaliación dun proxecto é habitual encontrarse con diferentes indicadores. Estes son un resultado numérico calculado a partir duns determinados parámetros, mais a cifra por si só non dá demasiada información, sendo importante saber como se calculou para poder interpretarla correctamente.

As características que deben cumprir os indicadores para seren efectivos son:

2) A Axenda 21 (ou Programa 21) foi un dos dos protocolos aprobados na Conferencia das Nacións Unidas sobre Ambiente e Desenvolvemento (Conferencia do Rio, 1992) e nela establécese de forma detallada as accións a emprender polos gobernos para integrar ambiente e desenvolvemento económico e social no século XXI. Trátase dun compromiso político de máximo nivel que cada goberno debe aplicar no seu ámbito de actuación e na medida das súas posibilidades. Neles contémplanse máis de 100 ámbitos de actividade e 3000 Recomendacións. Trata de sectores chave como a agricultura, a industria e o ordenamento urbano, e temas tan variados como o combate contra a pobreza, a protección da saúde, o coidado da atmosfera, a conservación do solo, a protección da atmosfera, a xestión de residuos perigosos, tóxicos e radiactivos, a mudanza do clima... mais non só os relativos á protección do ambiente, mais tamén incide en aspectos económicos, sociais e culturais.



- Coñecelos, que sexan fáceis de entender, pois non fai sentido uns cálculos moi complexos se ao final non se coñece o que realmente representa ese resultado.
- Poucos e relevantes, isto é, que se axusten ao que se quer medir, non é útil ter unha elevada cantidade de indicadores que non se podan interpretar ou comparar.
- Fiábeis e con datos accesíbeis, non é conveniente que os indicadores oscilen de forma substancial e sen motivo aparente. Tamén non é positivo que debido á dificultade do seu cálculo se acaba determinando por aproximación ou suposición.

Mais non é só a Axenda 21 quen suxire o seu uso, senón a práctica totalidade de organismos encargados de promover a sustentabilidade destacan a súa importancia para poder levar a cabo unha avaliación.

A tal efecto é preciso o uso de indicadores que reúnan as anteditas características para obter información e poder avaliar os tres aspectos referidos anteriormente: social, económico e ambiental. Deste modo os indicadores de sustentabilidade poden ser clasificados en catro grandes grupos:

- 1 Indicadores ambientais: utilizados para calcular o estado do ar, da auga, do solo, as zonas verdes...
- 2 Indicadores sociais: serven para calcular o nivel de calidade de vida da sociedade mediante a análise de factores como o acceso á sanidade pública, cultura, educación....
- 3 Indicadores económicos: permiten calcular o nivel económico dunha área urbana através da análise do número de empresas, rendas...
- 4 Indicadores "específicos": son aqueles que non corresponden a calquer das categorías anteriores ou que están relacionados coa problemática propia desa área urbana. Non se debe negligenciar o seu uso, xa que resultan importantes na hora de facer fronte á problemática exclusiva dunha zona concreta.

A seguir ofrécese unha descrición dos tres primeiros grupos de indicadores referidos, comentando os seus aspectos máis relevantes e ofrecendo algúns exemplos concretos da cada tipo.

## A) Indicadores ambientais

Os indicadores ambientais son os que experimentaron un maior desenvolvemento e os que foron analisados con maior profundidade, especialmente por seren os máis empregados polas empresas até o momento. Isto é debido, en parte, ao feito de que resulta necesario o acceso a numerosos datos ambientais para lograr un control efectivo e unha boa xestión, xa que por prescricións legais ou por motivos de certificación hai que cumprir certos padróns ambientais.

Mediante o uso destes indicadores é posíbel contemplar a evolución temporaria das accións ambientais da empresa, observando a tendencia e permitindo corrixir desvíos. Alén diso, son unha ferramenta que permite analizar a evolución comparativa con empresas do mesmo (ou outro) sector. A maneira máis recomendábel para conseguir unha adecuada xestión ambiental con base en indicadores é fixando unhas metas e obxectivos adecuados. Estes obxectivos deben ser cuantificábeis, realistas e atinxíbeis en curto ou en longo prazo. A periodicidade de cálculo depende da variábel que se queira medir, mais é habitual que esta sexa anual. Así mesmo, grazas á clareza e rigor que fornecen as cifras, serven de grande axuda ás empresas na hora de analizar co paso do tempo se as accións emprendidas resultaron efectivas ou, ao contrario, non deron os efectos desexados. Tamén son aptos para a súa inclusión en relatorios ambientais ou para a súa exposición ás diversas partes interesadas.

### *Tipoloxía*

En primeiro lugar, cabe distinguir entre os que proporcionan un valor relativo ou un valor absoluto. Mentres que os primeiros son referidos a indicadores que costuman representar o consumo de recursos por parte da empresa ou cantidades de emisións contaminantes producidas por esta (isto é, consumo de auga, consumo de enerxía, residuos xerados...), os segundos fanse tendo en conta o tamaño ou a capacidade produtiva da empresa, podendo, destarte, facer comparativas entre empresas sen importarse co seu tamaño. Ambos son necesarios, pois se ben os absolutos inciden máis no grao de polución ambiental, os relativos inciden máis en se as melloras ou medidas adoptadas conducen a unha xestión máis eficiente en termos ambientais.

Tamén se pode diferenciar entre indicadores de cantidades e indicadores de custos. A maioría dos indicadores ambientais están relacionados con algunha cantidade de mate-

ria (quilogramos de residuos xerados, toneladas de combustíbel consumidas, kilovatios de enerxía consumida, quilogramos CO2 emitidos...), mais tamén é moi interesante traducir todas estas cantidades ao ámbito económico, isto é, preguntarse o custo asociado a unha dada cantidade. A resposta é asociar esas cantidades a unha cantidade económica, para a adaptar e introducir no sistema de custos da empresa e tomar consciencia dos custos ambientais que implica. Deste modo pódese calcular en base à cantidade de residuos xerados, factores como o custo que vai supor tratalos adecuadamente, os custos asociados en función do combustíbel consumido ou, no caso dun número moi elevado de emisións de CO2, a sanción económica que implica.


Unha última dimensión é que estes indicadores poden ser referidos tanto á empresa, como a un centro de traballo concreto ou a algún ou varios dos seus departamentos (produción, compras, manutención...).

Unha vez analizadas estas dimensións, establécese unha outra clasificación dos Indicadores ambientais en tres familias:

- Indicadores de Comportamento ambiental
- Indicadores de Xestión Ambiental e
- Indicadores de Situación Ambiental.

### *Indicadores de Comportamento Ambiental*

Os Indicadores de Comportamento Ambiental divídense, por un lado, en materiais e enerxía e, por outro, en infraestrutura e transportes. Ambos céntranse no impacto ambiental da empresa e no seu seguimento e control. A este grupo pertencen indicadores como consumo absoluto de enerxía, residuos por unidade de produción, volume total de transporte,... que integran aspectos de custo, polo que son a base da xestión de custos ambientais. A seguir apréséntase un breve diagrama explicativo dos Indicadores de Xestión Ambiental.




Os indicadores de entradas permiten medir os fluxos de materiais importantes como auga ou enerxía. O obxectivo é optimizar estes materiais mediante o uso eficiente de materias primas, o máximo aproveitamento dos *inputs* minimizando os desperdicios e a xeración de residuos, ou o desenvolvemento de produtos máis saudábeis para o ambiente.

Os indicadores de saídas meden as emisións e os fluxos de residuos co obxectivo de identificar as principais fontes de emisións e residuos, a redución dos fluxos e custos dos residuos, emisións atmosféricas, augas residuais,...

Por outro lado, os Indicadores de infraestrutura e transporte fan referencia aos impactos ambientais causados pos equipamentos de fabrico e loxística, tendo por obxectivos máis habituais a optimización da loxística e dos custos de transporte, ben como o uso eficiente dos equipamentos de produción e dos medios de transporte con respecto ao ambiente.

### *Indicadores de Xestión Ambiental*

Os Indicadores de Xestión Ambiental reflicten as accións que a dirección está a emprender para minimizar o impacto ambiental da empresa (formación do persoal, avaliación de fornecedores, auditorías...) e teñen por obxectivo controlar e supervisar as políticas ambientais, isto é, medir até que punto os aspectos ambientais están integrados nas actividades da empresa, ben como mostrar a relación entre os impactos ambientais e as actividades de xestión ambiental.



Relativamente aos Indicadores do Sistema, os indicadores de implantación do sistema mostran a situación e os avances producidos na implantación do sistema de xestión ambiental (centros de traballo ou departamentos que o teñen implementado, grao de implantación dun programa ambiental...). Os indicadores de aspectos legais e queixas mostran o comportamento ambiental sob o criterio do cumprimento das disposicións legais en aspectos como o número de infraccións da lexislación ambiental ou o número de accidentes acontecidos. As queixas recibidas permiten obter unha idea aproximada da percepción que ten a poboación sobre o comportamento ambiental da empresa.

No tocante aos Indicadores Funcionais, os de Formación e de persoal son empregados para mostrar as medidas levadas a cabo para o envolvimento e capacitación do persoal en accións como cursos de formación ambiental ministrados ou persoal directamente ocupado na protección ambiental. Os indicadores de seguranza e hixiene relacionan os problemas de seguranza no traballo co ambiente, evitando accidentes profesionais e incidentes perigosos (número de accidentes de traballo absolutos ou por cada mil empregados). Os indicadores de compras reflecten os esforzos de xestión ambiental que ten un fornecedor, de grande importancia no propio comportamento dunha empresa. Finalmente, os indicadores de comunicación externa limítanse a reflectir as medidas ambientais levadas a cabo pola empresa e que contribúen para mellorar a percepción do público con respecto a esas accións (a despesa en patrocinio ambiental, premios ambientais recibidos ou actividades ambientais nas que participa a empresa).

### *Indicadores de Situación ambiental*

Os Indicadores de Situación Ambiental describen a calidade do medio ambiente da empresa en factores como como a calidade da auga dun río próximo ou a calidade do ar na súa proximidade. A situación ambiental non depende unicamente da empresa,

mais tamén, entre outras influencias, do medio e doutras empresas polo que estes datos son xeralmente rexistrados por institucións gobernamentais para a súa difusión e consulta. Estes indicadores son utilizados para fixar obxectivos e actuacións.



## B) Indicadores sociais

Como indicado, existe unha dimensión social da RSE que capta o impacto da actividade dunha organización na sociedade, incluíndo a empregados, clientes, comunidade, cadea de fornecemento e socios. Estas partes interesadas aseguran que informar e mellorar a actuación social beneficia a reputación da organización.

Os indicadores sociais divídense en tres categorías diferentes: Prácticas laborais, Dereitos humanos e Sociedade. Se ben a responsabilidade da empresa é moi importante e fundamental no primeiro grupo, esta redúcese nos dous grupos restantes. Dentro desta clasificación, tamén se pode seguir o criterio de se os indicadores son esenciais ou adicionais. Encanto os primeiros son de interese para a maioría de organización e partes interesadas, os segundos ofrecen información relevante só ás partes interesadas especialmente importantes para a entidade, ou que aínda non están tan estendidos como para seren considerados esenciais.

A seguir pormenorízanse as tres categorías descritas, con exemplos dalgúns aspectos e indicadores.

### *Prácticas laborais*

Dentro desta categoría situaríanse aspectos como o emprego digno, con indicadores como a segmentación dos traballadores dependendo de se forman parte ou non do persoal, o tipo de contrato ou horario de traballo, a contribución da empresa á seguraza dos seus traballadores para alén do legalmente esixido (saúde, xubilación, maternidade...). No aspecto Formación e educación encóntranse indicadores como o número medio de horas de formación por empregado ou programas en habilitacións directivas e mellora continua. Outros aspectos importantes son a seguraza e a saúde, ou as rela-

cións industriais con indicadores que meden a porcentaxe de traballadores acollidos por acordos de negociación colectiva, as políticas de información, consulta e concertación cos traballadores, ou a presenza de representantes dos traballadores nos órganos de dirección e xestión.

### *Dereitos humanos*

Esta categoría incorpora múltiples aspectos que nen sempre son fáceis de cuantificar e cuxos indicadores se centran na existencia de mecanismos para garantir o seu cumprimento. Entre estes factores destacan a non discriminación, a seguranza, traballo infantil, liberdade de asociación e negociación colectiva, prácticas disciplinares ou estratexia e xestión. Os indicadores teñen a ver coa descrición das políticas e procedementos relacionados con todos os aspectos dos dereitos humanos relevantes para as operacións da entidade informante, incluíndo os mecanismos de control.

### *Sociedade*

É talvez a máis ampla, e analiza aspectos como saúde e seguranza dos clientes (descrición dos sistemas de prevención da saúde e seguranza dos clientes durante o uso dos produtos e servizos da organización), número de queixas ou sancións debidas ao uso de produtos e servizos, confidencialidade (descrición dos sistemas de medida da satisfacción de clientes e resultados dos estudos de satisfacción), suborno e corrupción (diñeiro pago a partidos políticos e institucións para os financiar), prezos e concorrencia (sistemas, procedementos e mecanismos de conformidade na prevención de comportamentos anticompetitivos), cidadanía e comunidade, entre outros.

## **C) Indicadores económicos**

Os aspectos económicos están relacionados cos impactos que unha organización causa nos seus *stakeholders* ou partes interesadas, alén do sistema económico local, nacional e mundial. A actuación económica abranxe todos os factores das interaccións económicas dunha organización e os seus indicadores estudan o modo en que as organizacións afectan ás partes interesadas coas que interaxen de maneira directa ou indirecta, indo alén da información financeira, e tratando aos accionistas como máis un grupo de interese.

Pódese establecer unha clasificación deste tipo de indicadores en función dos aspectos aos que fan referencia, como os clientes (ventas netas, cuota de mercado e vendas da cada país nos que as vendas nacionais representen unha determinada proporción do PIB), fornecedores (custos das materias primas e mercadorías adquiridas e dos servizos contratados, porcentaxe de contratos pagos en conformidade cos termos acordados), empregados (despesas salariais totais incluíndo salarios, pensións e indemnizacións), fornecedores de capital (aumento/redución dos gaños retidos no final do período), sector público (suma total de impostos pagos, subsidios recibidos, doazóns á comunidade, sociedade civil ou outros grupos).



## 2. INDICADORES COMÚNS EUROPEUS

As entidades locais solicitaron unha serie de “indicadores normalizados” que servisen para poder establecer unha comparativa entre diferentes cidades, ao menos naqueles obxectivos comúns. Entón a UE e un grupo de especialistas en ambiente urbano na *Campaña Europea de Cidades Sustentábeis* e na *Terceira Conferencia Europea sobre Cidades Sustentábeis* (Hannover, 2000), presentaron os “indicadores comúns europeos”, co intuito de establecer unha información obxectiva e comparábel sobre os progresos en materia de sustentabilidade na Europa e que reflectisen a relación e interacción de aspectos ambientais, económicos e sociais. Estes van servir para coñecer o punto de partida, a dirección tomada ou a distancia á que se encontra o obxectivo marcado. Tamén serven como método de avaliación para premios e recoñecementos como o *Premio Europeu á Cidade Sustentábel*.

A seguir móstranse os indicadores comúns europeos, divididos en dúas tabelas, os de tipo A (principais), de carácter obrigatorio, e os de tipo B (adicionais), de carácter voluntario.

<b>A INDICADORES PRINCIPAIS (obligatorios)</b>		<b>PRINCIPIO N°</b>					
<b>N° Indicador</b>		<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>
1	Satisfacción da cidadanía coa comunidade local Satisfacción xeral da cidadanía coas varias características do municipio	X	X		X	X	X
2	Contribución local para a mudanza do clima global Emisións de CO2 (a longo prazo, após a identificación de metodoloxía simplificada, este indicador incidirá nas repercusións ecolóxicas)	X		X	X	X	
3	Mobilidade local e transporte de pasaxeiros Transporte diario de pasaxeiros: distancias e modos de transporte	X		X	X	X	X
4	Existencia de zonas verdes públicas e de servizos locais Acceso da cidadanía a zonas verdes públicas e a servizos básicos	X		X		X	X
5	Calidade do ar na localidade Número de días en que se rexistra unha boa calidade do ar	X				X	X

A INDICADORES ADICIONAIS (voluntarios)		PRINCIPIO N°					
N° Indicador		1	2	3	4	5	6
6	Traslado dos menores entre a casa e a escola Modo de transporte utilizado polos menores nos traslados entre a casa e a escola	X		X	X	X	
7	Xestión sustentábel da autoridade local e das empresas locais Porcentaxe das organizacións públicas e privadas que adoptan e utilizan procedementos de xestión ambiental e social			X	X	X	
8	Polución sonora Porcentaxe da poboación exposta a ruído prexudicial	X				X	X
9	Utilización sustentábel dos solos Desenvolvemento sustentábel, recuperación e protección dos solos e de sitios no municipio	X		X		X	X
10	Produtos que promoven a sustentabilidade Porcentaxe do consumo total de produtos que ostentan rotulaxe ecolóxica, biolóxicos ou obxecto de prácticas comerciais leais	X		X	X	X	

Principios ou preocupacións de sustentabilidade que forman a base de selección dos indicadores:

- 1 Igualdade e inclusión social (acceso a todos a servizos básicos adecuados e a bon prezo, por exemplo, educación, emprego, enerxía, saúde, habitación, formación, transporte);
- 2 Goberno local/atribución de poderes/democracia (participación de todos os sectores da comunidade local no planeamento local e nos procesos de tomada de decisións);
- 3 Relación local/global (satisfacción das necesidades locais a nivel local, da produción ao consumo e á eliminación, satisfacción das necesidades que non é posíbel satisfacer localmente de forma máis sustentábel);
- 4 Economía local (adaptación das capacidades e necesidades locais á dispoñibilidade de postos de traballo e outras facilidades, da forma que ameace o menos posíbel os recursos naturais e o ambiente);
- 5 Protección do ambiente (adopción dunha abordaxe de ecosistema; redución ao mínimo da utilización dos recursos naturais e dos solos, da produción de residuos e emisión de poluentes, aumentando a biodiversidade);

6 Patrimonio cultural/calidade do ambiente construído (protección, preservación e rehabilitación dos valores históricos, culturais e arquitectónicos, incluíndo monumentos e eventos; reforzo e salvagarda do carácter atractivo e funcional dos espazos e edificios).

### 3. INDICADOR COMÚN EUROPEU B-7

Este indicador refírese á **Xestión sustentábel da autoridade local e das empresas locais** e exprésase como a porcentaxe de organizacións públicas e privadas que adoptan e utilizan procedementos de xestión ambiental e social.

#### Obxectivo

Promover as tecnoloxías limpas e mellorar a calidade da auga e do ar, concienciar as empresas da necesidade de se adherir a un programa de xestión ambiental e/ou social, con todas as vantaxes que iso supón.

#### Cálculo

Rexístranse todas as organizacións públicas e privadas (grandes empresas e PMEs) que adoptan e utilizan procedementos de xestión ambiental e social, despois é calculado o número total de empresas na zona, obténdose así a porcentaxe solicitada.

Os procedementos de xestión ambiental e social son referidos ás normas anteriormente expostas ISO 14000, EMAS, SA800, AA1000...

O motivo de usar unha porcentaxe en lugar dun valor absoluto é porque cando se di que nunha dada cidade existen 12 empresas que adoptan procedementos desta índole, isto non achega demasiada información, xa que se descoñece se nesa cidade hai 15 ou 500 empresas. Unha vez determinado que nesa cidade existen unhas 400 empresas consultadas, pódese facer o cálculo do indicador, que dá unha cifra de 3%, que é algo máis representativo (3 en cada 100 empresas desa cidade adoptan procedementos de xestión social ou ambiental). No entanto, cabe reparar en que a presenza de valores moi altos ou moi baixos pode ser debido á pouca existencia de organizacións nesa localidade. Portanto, como indicado anteriormente, as cifras poden ser moi frías, o importante é saber a súa interpretación.

#### Formato

Móstranse os resultados obtidos para o municipio de Vigo en función do tipo de norma ambiental ou social, ben como unha distribución por sectores e, por último, unha comparativa con outras cidades europeas.

### **Resultados esperados**

Xa que a RSE é un termo relativamente novo, cabería esperar un resultado ao alza ano após ano. Se ben na área de Vigo numerosas empresas acóllense a cada ano a sistemas de xestión ambiental, hai que destacar que o contexto de crise económica mundial actual ten freado o avance deste tipo de iniciativas pois, ao ter un carácter voluntario, ocupa un lugar secundario na axenda de prioridades de moitas empresas.

## PARTE III

## Determinación do indicador B-7

### 1. OBTENCIÓN DE DADOS

Para obter os datos do Indicador Común Europeu B-7: Xestión sustentábel da autoridade local e das empresas locais, é necesario determinar o número de empresas que teñen implementado algún programa ambiental ou social. Para iso é preciso comprobar se adoptan algunha norma na órbita da RSE. Neste caso, as máis estendidas e as que tipicamente se utilizan son a ISO 14001 e EMAS, aínda que tamén foron consideradas outras como SA8000, AA100 ou SIGMA. Estas normas e ferramentas reflicten até que punto as empresas asumen a súa responsabilidade con respecto ao ambiente e a comunidade. Tamén é necesario coñecer o número total de empresas existentes no territorio a estudar para poder calcular indicador:

$$B7 = \frac{\text{Nº de empresas que empregan procedementos sustentábeis}}{\text{nº total de empresas na zona}} \times 100$$

Na actualidade resulta complicado saber exactamente o número de empresas que contan con certificacións deste tipo; no entanto, para a realización deste estudo traballouse con rigor científico e o máis aproximado posíbel da realidade na altura de decembro do ano 2010. Aínda que noutro tipo de indicadores é habitual o uso de inquéritos e ferramentas estatísticas para calcular os valores medios, neste caso procurouse obter

o número exacto de empresas, e desta forma facilitar o traballo das revisións futuras deste indicador.

Antes de máis, optouse por identificar aquelas empresas que estivesen certificadas segundo a norma ISO 14001 ou o regulamento EMAS, pois son ferramentas de xestión ambiental voluntarias certificadas a nivel europeo e internacional.

No caso do regulamento EMAS, foi relativamente fácil identificar as empresas que o teñen implementado, xa que o site do EMAS disponibiliza bastantes informacións. No entanto, as referidas ao municipio de Vigo foron procuradas na web da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, onde se disponibiliza unha lista de acceso público coas declaracións das empresas rexistradas de toda Galicia que contan co regulamento EMAS. Por último, esa lista foi peneirada para obter as que pertencían ao municipio de Vigo.

O caso das empresas certificadas coa norma ISO 14001 en Vigo foi mais complexo, xa que, a diferenza doutras normas mais coñecidas como a ISO 9001, estas certificacións están menos estendidas e non existen organismos encargados de rexistrar as empresas que teñen implementado esta norma. Através dun primeiro contacto coa sede central da ISO na Suíza sóubose que, no seu relatorio anual, a organización ISO só figuran rexistros do número de empresas que contan con algunha das súas normas por países, non dispondunha pormenorización das súas certificacións por cidades. No caso do Estado español é a ENAC (Entidade Nacional de Acreditación) a entidade encargada de acreditar as consultoras con capacidade para auditar e certificar en diferentes normas a calquer empresa. É por isto que, nunha segunda tentativa, estableceuse contacto coas entidades acreditadas en Galicia para prestar os servizos de certificación na norma ISO 14001, obtendo diferentes respostas. Se ben algunhas cederon os datos das empresas que certificaran, outras facilitaron tan só o número e, noutros casos, nengunha información. Esta confidencialidade pode ser debida a que este tipo de informacións poden afectar ás súas posibilidades comerciais pois, do punto de vista dun potencial cliente, tanto os prezos ofertados, elevados de máis, como o coñecemento das empresas do seu sector que se teñan acreditado antes pode condicionar a escolla da certificación nunha entidade ou outra

Apesar de contarmos en Galicia con magníficas bases de datos como SABI ou ARDAN que nas súas últimas actualizacións disponibilizan informacións sobre as normas en que as empresas están certificadas, ditas bases de datos non inclúen a totalidade das

empresas existentes no municipio de Vigo, senón unha mostra máis ou menos ampla e representativa. Como metodoloxía de traballo, antes de recorrer á interpolación ou aproximacións, optouse por unha solución que permitise obter unha imaxe da realidade o máis certa posíbel.

Así sendo, a entidade de certificación AENOR, para alén de ofrecer toda a axuda posíbel, encamiñou esta investigación ao Observatorio da Calidade, organismo dependente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia (Xunta de Galicia), ao que tanto esta entidade como os outros organismos certificadores ceden este tipo de datos. Através da páxina web do Observatorio da Calidade púidose acceder ás informacións necesarias, aínda que os datos estaban desactualizados. É por isto polo que foi preciso contactar co Observatorio, que cedeu a información precisa: a identificación das empresas da área de Vigo que contan con certificación ISSO 14001, a identidade das que contaban co regulamento EMAS (coincidente coas fornecidas pola Consellaría de Medio Ambiente) e outras normas como SA8000, AA1000 ou ISO 26000. Porén, nengunha empresa de Vigo contaba cunha certificación destas tres últimas. Alén do número total de empresas, tamén facilitaron unha distribución das normas por sector.

En definitiva, para obter a información que permitise realizar o cálculo do indicador B-7 levouse a cabo unha grande tarefa de investigación, recorrendo a numerosas fontes<sup>3</sup>. Debido á dispersión de datos e á falta dunha información centralizada houbo que vencer as reservas das entidades certificadoras e superar, en xeral, as escasas facilidades permitidas para o acceso a ditos datos, mesmo tendo que alegar tratamento confidencial e adquirir o compromiso de que os seus datos serían tratados de maneira agregada. Non foi fácil convencer aos organismos correspondentes para que cedesen as súas informacións, que en moitos casos non estaba dispoñíbel no formato adecuado e tivo de ser tratada para a adecuar ao obxectivo de cálculo. Felizmente, despois de teimar na consecución deste fin, conseguiuase o obxectivo principal, e, desta forma, calcular o Indicador B-7 para o municipio de Vigo, abrindo o camiño para poda ser actualizado en futuras revisións.

3) ISO, ENAC, entidades certificadoras (AENOR, BVC, Lloyds, SGS), observatorios (Observatorio Galego de Calidade, Observatorio Calidad, Observatorio RSC), bases de datos (ARDAN, SABI,...), organismos públicos (Ihobe), concellos, consellarías de ambiente de comunidades autónomas (Galiza, Cataluña, Madrid, Asturias,...), cámaras de comercio (Pontevedra, Comerç Barcelona, Madrid), publicacións (Forum Calidad, SER) e fundacións (Fundación Calidade, Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia).



## 2. RESULTADOS OBTIDOS PARA VIGO

Obtida a información e realizadas as verificacións pertinentes pódese concluír que, a data de decembro do 2010, o municipio de Vigo conta con 218 empresas con certificación ISO 14001 e 36 empresas co regulamento EMAS implantado. Desas 254 empresas, 25 teñen implantado simultaneamente o Regulamento EMAS e a Norma ISO 14001, polo que foron contabilizadas como unha só empresa. En consecuencia, o número total de empresas viguesas que utilizan algún tipo de procedemento sustentábel é de 229.

Unha vez obtido o número de empresas que empregan algún procedemento social ou ambiental era necesario achar o número total de empresas existentes no municipio de Vigo. Para iso recorreuse ao Instituto Galego de Estatística (IGE), da Xunta de Galicia, quen facilitou tanto o número de empresas rexistradas en Vigo como a súa distribución en función do sector, número de traballadores e condición xurídica. Vigo contaba en 2010 con 24.335 empresas.

Finalmente, con estes datos pódese determinar o indicador global de sustentabilidade B-7

$$B7 = \frac{\text{Nº de empresas que empregan procedementos sustentábeis}}{\text{nº total de empresas na zona}} \times 100 = \frac{229}{24.335} \times 100 = 0,94$$


O valor obtido (0,94%) é bastante alto, xa que cando se comezou a empregar este indicador en meados do 2002 os valores máis altos eran de 0,79% nalgunhas cidades do norte da Europa.

Deste modo fica establecido un protocolo para o cálculo deste indicador que poderá ser utilizado en futuras revisións, porque, unha vez finalizado este estudo, bastará con contactar anualmente co Observatorio de Calidade e co Instituto Galego de Estatística (IGE) para obter o indicador B7 actualizado.

Como se mostra no seguinte gráfico, pódese comprobar que, como previsíbel, a gran maioría das empresas que contan con algún certificado de RSE fano por medio da ISO 14001 (85,13%) mentres que só unha pequena parte o fai co regulamento EMAS

(14,17%). Isto é debido a que grande parte das empresas que se certifican na ISO 9001 (Sistema de Xestión de Calidade) proseguen o proceso de mellora, o que as leva a se certificar na ISO 14001 (Sistema de Xestión Ambiental). O facto de as normas ISO seren internacionais encanto o regulamento EMAS é europeo tamén condiciona a decisión, ao que se debe acrecentar que o regulamento EMAS é mais esixente do que a ISO 14001. Coñecendo estes datos, a porcentaxe obtida parece razoábel.


Gráfica 1. Indicador Común Europeu B7 en Vigo



## 2.1 Resultados por sectores


O seguinte gráfico contribúe para facerse unha idea do número de empresas con certificacións ambientais por sector que conforman o parque empresarial de Vigo. Como se pode observar, en termos absolutos o sector servizos é o máis numeroso, seguido polo industrial e pola construción.

Gráfica 2. Número de empresas en Vigo distribuídas por sectores




Na distribución do indicador por sectores (gráfico nº3) pódese observar que a maioría das empresas do municipio de Vigo que empregan algún procedemento sustentábel son en grande proporción empresas pertencentes ao sector servizos, que é, ao mesmo tempo, o grupo de empresas máis numeroso. Porén, aprofundando na análise, conséntase que o sector industrial, apesar de ser menor que o da construción, ten máis empresas que contan con algún tipo de Sistema de Xestión Ambiental que este último. É mais, se realizarmos unha media entre o número de empresas que contan cun sistema de xestión deste tipo e o número total por sector, obtense a seguinte a seguinte distribución:

Gráfica 3. Empresas de Vigo con SXA distribuídas por Sectores



Como se pode observar no gráfico seguinte, o sector industrial (aproximadamente 1.500 empresas) presenta a proporción máis alta de empresas que aplican un Sistema de Xestión Ambiental (4,00%), mentres que o grupo máis numeroso en termos absolutos, o sector servizos (case 20.000 empresas), posúe a menor proporción de empresas que aplican algún sistema deste tipo (0,81%). A explicación a esta situación áchase en que, para alén das características inherentes do seu sistema produtivo (procesos de transformación que requiren na maioría das veces a xeración de residuos), unha empresa industrial costuma estar obrigada polos seus fornecedores/clientes a cumprir unha serie de requisitos. Estes soen incluír un Sistema de Xestión da Calidade e/ou un Sistema de Xestión Ambiental, aforrando deste xeito auditorías periódicas por parte do fornecedor/cliente, alén do facto de que un mercado tan global impide moitas veces que un fornecedor situado en zonas lonxincuas como Asia poda realizar auditorías constantemente, co que unha norma internacional como a ISO 14000 lle ofrece unhas garantías máis que suficientes.


Gráfica 4. Porcentaxe de empresas con un SGMA en Vigo por Sector




## 2.2 Resultados por norma

A seguir móstrase unha distribución das empresas que fan parte do indicador B7 no municipio de Vigo por sectores, diferenciando entre as que teñen a ISO 14001 ou EMAS<sup>4</sup>.

Gráfica 5. Porcentaxe de empresas en Vigo coa ISO 14001



4) Aínda que poda parecer redundante, en futuras revisións pode axudar a tirar conclusións interesantes.



Pódese constatar que os resultados son similares aos obtidos no GRÁFICO N°3: Empresas de Vigo con SXA distribuídas por Sectores, sendo o sector servizos o que máis empresas ten en termos absolutos. A este sector pertencen 131 das 218 que contan coa ISO 14001, e 30 das 36 que teñen o regulamento EMAS.

Non foron avaliadas as distribucións con respecto ás normas SA800, AA1000 ou ISO 26000, xa que no municipio de Vigo, na altura de decembro do 2010, non había ningunha empresa que contase con ditas acreditacións e normativas, non obstante deberán ser tidas en conta para futuras revisións.

Tamén non se pode comparar o indicador obtido co de anos anteriores, pois esta é a primeira vez que se calcula, debendo, en futuras revisións, ser comparado co ano anterior co fin de comprobar a súa evolución.

**PARTE IV**

## Contexto mundial, galego e comparativa con outras cidades europeas

Esta comparativa vai mostrar datos moi interesantes, podéndose observar a que nivel se encontra o municipio de Vigo con respecto a outras cidades europeas que calcularon o seu indicador B7. A fin de analizar os datos existe a dificultade de que, en xeral, a maioría de cidades non ofrecen o indicador como ordena a UE (porcentaxe), senón que costuman dar o número absoluto de empresas que contan con algún tipo de procedemento sustentábel. Por esta razón, alén da comparación numérica haberá de establecerse algún tipo de ponderación en función de parámetros tais como a poboación da cidade ou similar. De resto, pesquisar o número de empresas en cada unha das cidades europeas da comparativa a decembro de 2010 non fai parte deste estudo.

Para abordar a comparativa, vaise proceder inicialmente a realizar unha sucinta retrospectiva de cal é o estado e o número de empresas, a nivel mundial, certificadas en sistemas de xestión normalizados, primeiramente con normas de calidade (ISO 9001) e, seguidamente, con normas de xestión ambiental (ISO 14001 e EMAS). Igualmente, nesta sección será analisada a situación na Galicia.

# 1. CONTEXTO MUNDIAL

## 1.1 Extensión da norma ISO 9001


Iniciando a análise pola evolución da implantación da norma ISO 9001, relativa á Xestión da Calidade e a norma ISO máis estendida, xeralmente como paso previo á ISO 14001.

TABELA 1. N° de empresas certificadas ISO 9001 por ano e continente

Ano	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
TOTAL	457834	510349	561767	497919	660132	773867	896929	951486	982832	1064785	1109905
África / Próx. Oriente	20183	19800	23627	20124	31443	48327	71438	78910	73104	77408	63357
América Central / Sul	10805	14409	13679	9303	17016	22498	29382	39354	39940	36551	40655
América do Norte	48296	50894	53806	40185	49962	59663	61436	47600	47896	41947	36632
Europa	269332	269648	292878	242455	320748	377196	414232	431479	455332	500319	530722
Asia	81919	126779	148573	163061	220966	247091	300851	345428	356559	398288	428755
Australia / Nova Celandia	27299	28819	29201	22791	19997	19092	19590	8715	10001	10272	9784


Como se pode comprobar, desde finais da década de 90 e durante a primeira década do século XXI, a Europa domina o número de certificados ISO 9001, aínda que o incremento anualmente progresivo producido nas empresas do continente asiático fai pensar que en pouco tempo estas van superar ás do vello continente. A presenza en Australia é simplemente testemuñal, mentres que na América tamén non está demasiado estendida. No total hai 1.109.905 empresas certificadas ISO 9001 en todo mundo.

Gráfica 7. Evolución ISO 9001 por ano e continente



Nesta gráfica pode apreciarse o crecemento das certificacións ISO 9001 no continente asiático, chegando a alcanzar, no último decenio, un número similar ao da Europa e a expectativa máis probábel é que o supere nun par de anos. É igualmente observábel na gráfica que no resto de continentes o número de empresas certificadas non chega a descolgar, manténdose constante e mesmo decrecendo nos últimos anos.

Gráfica 8. Nº de certificacións ISO 9001 por país no ano 2010



Nesta gráfica móstranse os dez países do mundo con máis empresas certificadas ISO



9001 a data de decembro do 2010. A China, como potencia emerxente, conta con máis de metade de todo o continente asiático. España ocupa o 4º lugar, entre a Federación rusa e o Xapón. Destaca Italia no segundo posto con 138.982 empresas, máis do duplo que España. Aínda que cabería esperar a presenza de máis países europeos, só a Italia, España, Alemaña e Reino Unido están presentes nesta tabela clasificativa.

## 1.2 Extensión da norma ISO 14001


A análise que se realiza neste apartado é semellante á anterior e refírese á norma ISO 14001, moito menos estendida, mais de interese prioritario para este estudo.

TABELA 2. Nº de empresas certificadas ISO 14001 por ano e continente

Ano	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
TOTAL	22847	36464	49440	64996	90554	111163	128211	154572	188815	223149	250972
África / Próx. Oriente	651	924	1357	2002	2999	3994	4832	5586	7682	8813	8557
América Central / Sul	556	681	1418	1691	2955	3411	4355	4260	4654	3923	6423
América do Norte	1676	2700	4053	5233	6743	7119	7673	7267	7194	7316	6302
Europa	10971	17941	23305	30918	39805	47837	55919	65097	78118	89237	103126
Asia	7881	12796	17744	23747	35960	46844	53286	71458	89894	112237	124922
Australia / Nova Celandia	1112	1422	1563	1405	2092	1958	2146	904	1273	1623	1642


Neste gráfico pódese observar que o número total de empresas que contan cun certificado ISO 14001 é de 250.972, isto é, a cuarta parte das que contan cun certificado ISO 9001. Neste caso, o continente asiático supera levemente á Europa, sendo o ano 2007 o que marca o punto de inflexión. Como se pode observar, a Europa e Asia concentran os 90% de certificados, mentres que a presenza no resto de continentes é moi reducida.

Gráfica 9. Evolución ISO 9001 por ano e continente



Na gráfica pode verse claramente a diferenza en número de certificacións entre Europa e Asia, e o resto de continentes.


Gráfica 10. N° de certificacións ISO 14001 por país no ano 2010



A gráfica nº10 mostra os dez países do mundo con máis empresas certificadas ISO 14001, destacando a China no primeiro posto, con case o duplo de certificados que o segundo país, o Xapón, o que proporciona unha idea de porque no continente asiático está tan estendida a ISO 14001. España figura no terceiro posto con 18.347 certifica-


dos, seguida da Italia e Reino Unido, situándose, deste xeito, como o país europeo con máis certificados ISO 14001. Os EUA aparecen na mesma posición que na ISO 9001, debido, especialmente, á grande extensión do país. Completan esta lista outros países europeos como Romenia, Alemana e a República Checa.

A evolución desta norma no Estado español sempre ten mostrado unha tendencia crecente como demonstra a seguinte gráfica:



### 1.3 Extensión do regulamento EMAS


Relativamente ao Regulamento EMAS, de ámbito exclusivamente europeo, no ano 2010 había un total de 4.473 empresas certificadas EMAS.



Destacan tres países sobre o resto: Alemaña en primeiro lugar, seguida de perto por España con 1.236 certificados, e Italia. Estes tres países superan o millar de empresas certificadas, e entre eles acumulan máis de 80% das que existen na Europa. Despois está Austria con 260 empresas, seguida por un grupo de países formado por Suecia, Dinamarca, Portugal, Reino Unido e Grecia, que non superan a centena. O resto de países teñen un número moi reducido de certificados EMAS. Analizando a poboación, España volta a situarse en segundo lugar entre os países da UE, sendo o primeiro, neste caso, Austria.

En función da tipoloxía de empresa, o 68,3% das empresas españolas que contan cun sistema de xestión ambiental EMAS son PMEs, 17,9% microempresas, e o 13,8% restante grandes empresas.

Gráfica 13. Empresas con EMAS por tamaño




## 2. SITUACIÓN EN GALICIA

Co obxecto de coñecer a posición de Galicia no contexto estatal, a seguir analísase a implantación da norma ISO 14001 e o regulamento EMAS por Comunidades Autónomas.

### 2.1 Norma ISO 14001

Gráfica 14. N° de certificacións ISO 14001 por Comunidade Autónoma




Como se pode apreciar, Galicia ocupa o 6º lugar (456 certificados), perto da Comunidade Valenciana e País Basco. Aínda así, tendo en conta que as dúas principais entidades certificadoras (AENOR e BVC) non facilitan os seus datos por Comunidades Autónomas, é moi posíbel que Galicia estea nunha situación superior, xa que, segundo a Base de Datos dá Certificación de Galicia, esta Comunidade conta con 1.622 empresas certificadas segundo algún regulamento ambiental. Madrid e Cataluña fican claramente destacadas sobre o resto, con Andalucía, formando un grupo que supera os 1000 certificados. Detrás estaría un segundo grupo formado pola Comunidade Valenciana, País Basco e Galiza, en torno dos 500 certificados e, por último, un grupo máis numeroso formado polo resto de Comunidades Autónomas, con valores comprendidos entre os 100 e os 250 certificados.

### 2.2 Regulamento EMAS

A implantación do Regulamento EMAS por Comunidades Autónomas presenta a seguinte distribución:

Gráfica 15. Nº de certificados EMAS por Comunidade Autónoma




Se ben a nivel europeo España só era superada pola Alemaña no tocante ao número de empresas e centros cun sistema de xestión ambiental EMAS implantado, no contexto estatal a Galicia é a Comunidade Autónoma con maior número de centros con EMAS (262), superando a Cataluña (256) e Madrid (254). Atendendo a unha análise en relación á poboación, Galicia sitúase de novo no primeiro lugar con 94,1 centros en cada millón de habitantes, moito por adiante das seguintes, que serían Cantabria (77,1), Illas Baleares (41,9) e Madrid (40,5).

### 2.3 Distribución territorial

A seguir móstrase a distribución do número de certificados ISO 14001 e EMAS en Galicia por provincias.

Gráfica 16. Empresas con ISO 14001 e EMAS en Galicia



De acordo coas expectativas, as demarcacións da Coruña e Pontevedra repártense o 81% das certificacións existentes.

### 3. COMPARATIVA DE VIGO CON OUTRAS CIDADES EUROPEAS

A partir destes resultados cabe esperar que o municipio de Vigo atinxa unha boa posición nas comparativas. Como comprobado, tanto España como Galicia e a provincia de Pontevedra están entre os territorios con máis certificacións ISO 14001 e EMAS.


Neste apartado procédese a comparar os resultados obtidos en Vigo do Indicador Común Europeu B7: Xestión sustentábel da autoridade local e das empresas locais, co doutras cidades europeas.

Tentouse conseguir o indicador nas cidades da comparativa, non obstante cando non foi posíbel indícase simplemente o número de empresas que cumpren algún tipo de procedemento sustentábel, xunto co ano no que se obtivo. Alén diso, acrécentase no Anexo unha tabela coa poboación da cada unha das cidades implicadas, a fin de ofrecer unha información complementar e insubstituíbel, cando non se dispón dos datos necesarios, para calcular o indicador.

#### 3.1 Comparativa con cidades españolas

Na comparativa entre cidades españolas (Gráfica nº 17), pódense establecer varios grupos, o primeiro deles o formado por Barcelona e Madrid, claramente acima do resto, un segundo grupo no que se sitúa Vigo, que presenta entre 200 e 250 empresas que contan con algún sistema de xestión sustentábel e, por último, un grupo que mal supera as 100.

Gráfica 17. Comparativa con cidades españolas






Cabe referir que a posición do municipio de Vigo, cunha poboación de 297.241 habitantes, supera á de cidades como Zaragoza (con 674.725 hab) e moi similar á de Bilbao (352.700 hab).

### 3.2 Comparativa con outras cidades europeas

A seguinte gráfica de comparativa con outras cidades europeas, os grupos non son tan significativamente diferenciados como no caso anterior, senón que existe unha transición máis suave entre as diferentes cidades. No entanto, cabe destacar que o municipio de Vigo áchase acima de moitas cidades europeas que a superan en tamaño e en poboación. Como indicado antes, o elevado grao de implantación das normas ISO 14001 e EMAS resulta un feito favorábel.



Como se pode observar, o municipio de Vigo presenta un número de empresas certificadas coas normas analizadas superior ao de cidades que superan o millón de habitantes (Nápoles, Turín ou Praga).

## CONCLUSIONES

Como se puido comprobar neste estudo, o valor do indicador de sustentabilidade B-7 para o municipio de Vigo é 0,94%. Este indicador obtense de dividir o número de empresas que empregan algún procedemento sustentábel (229) entre o número total de empresas que existen no municipio (24.355) no ano 2010.

A distribución do número de empresas que empregan algún procedemento sustentábel por sectores é a seguinte:

Sector	nº	%
Servizos	141	61,6
Industria	55	24,0
Construcción	33	14,4

A nivel internacional, España ocupa o 3º posto no tocante a certificacións ISO 14001, e o 2º a empresas certificadas EMAS. Cabe destacar que o Regulamento EMAS é unha normativa europea e que as normas ISO están máis estendidas na Europa que noutros continentes. Alén diso, moitos dos países europeos máis avanzados, empregan referenciais e normas propias, que son máis restritivas que as ISO, daí que España ocupe estas posicións tan destacadas.

### Tipo certificado

	ISO 14001	nº	EMAS	nº
1º	China	69784	Alemaña	1345
2º	Xapón	35016	<b>España</b>	<b>1236</b>
3º	<b>España</b>	<b>18347</b>	Italia	1162
4º	Italia	17064	Austria	260
5º	Reino Unido	14346	Suecia	76
6º	Corea do S.	9681	Dinamarca	70
7º	Romenia	7418	Portugal	65
8º	Alemaña	6629	Reino Unido	58
9º	EUA	6001	Grecia	53
10º	R. Checa	4622	Polonia	25

A evolución en España do número de empresas certificadas ISO 14001 até o ano 2010 ten sido sempre ascendente, como se mostra na seguinte tabela:

AÑO	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
ISO 14001	164	573	600	2.064	3.228	4.860	6.473	8.620	11.125	13.582	16.443	16.527	18.347
Δ%		249,4%	4,7%	244,0%	56,4%	50,6%	33,2%	33,2%	29,1%	22,1%	21,1%	0,5%	11,0%

Galicia ocupa o 6º lugar polo número de certificacións ISO 14001 e o primeiro polo número de centros con certificados EMAS.

### Tipo certificado

	ISO 14001*	nº	EMAS	nº
1º	Madrid	1293	<b>Galicia</b>	<b>262</b>
2º	Cataluña	1032	Cataluña	256
3º	Andalucía	894	Madrid	254
4º	Com. Valenciana	545	País Vasco	91
5º	País Basco	542	Canarias	86
6º	<b>Galicia</b>	<b>456</b>	Andalucía	76
7º	Asturias	287	Asturias	75
8º	Castilla-La Mancha	270	Baleares	74
9º	Castilla y León	245	Com. Valenciana	54
10º	Aragón	206	Castilla y León	52

\*Faltan datos de AENOR e BVC, que non facilitan datos distribuídos por CCAA para ISO 14001

En Galicia existen 1.622 empresas certificadas ISO 14001 e EMAS segundo a Base de Datos da Certificación de Galicia. Das catro provincias, Pontevedra é a segunda que máis empresas certificadas ten, albergando 31% do total das certificacións.

Provincia	% de certificacións ISO 14001 e EMAS
A Coruña	50%
<b>Pontevedra</b>	<b>31%</b>
Ourense	10%
Lugo	9%

Ao realizar o cálculo do Indicador Común Europeu B-7 para toda Galicia de maneira aná-

loga ao realizado para o municipio de Vigo, isto é, dividindo o número de empresas que empregan algún procedemento sustentábel en Galicia (1.622) entre o número total de empresas existentes en Galicia (207.538), no ano 2010 obtense un valor do 0,78%.

$$B7 = \frac{\text{Nº de empresas que empregan procedementos sustentábeis}}{\text{nº total de empresas na zona}} \times 100 = \frac{1.622}{207.538} \times 100 = 0,78$$

Se, do mesmo modo, se calcula o Indicador Común Europeu B-7 para a provincia de Pontevedra, este ten un valor de 0,73%.

$$B7 = \frac{\text{Nº de empresas que empregan procedementos sustentábeis}}{\text{nº total de empresas na zona}} \times 100 = \frac{502}{68.331} \times 100 = 0,73$$

Portanto, recordando que o valor do Indicador Común europeo B-7 para o municipio de Vigo é de 0,94%, este é superior á media de Galicia e Pontevedra.

Na comparativa con cidades españolas relativamente a certificacións ISO 14001 e EMAS, destácanse tres grandes grupos:

O primeiro formado por Madrid (663) e Barcelona (470) á cabeza das cidades españolas.

Un segundo grupo do que fai parte Vigo (229), entre outras cidades como Valencia (250), Bilbao (240) ou Zaragoza (193).

Por último, un terceiro grupo formado por cidades que se sitúan en torno aos cen certificados, como San Sebastián (110), Gijón (90) ou Alicante (88).

## EPÍLOGO

Como se expón neste estudo, Vigo ocupa unha posición destacada na comparativa con outras cidades, ben máis acima do esperado inicialmente, un lugar que se corresponde coas posicións que ocupa España no panorama internacional e Galicia no estatal. Apesar de carecermos de datos de anos anteriores para este indicador, pódese comprobar que o número de certificacións ten ido aumentando progresivamente en todos os países europeos, de modo que haberá que seguir estudando esta tendencia, xa que na época de crise tan acusada na que nos encontramos actualmente é moi posíbel que, aínda que as empresas que sobrevivan o fagan con algún certificado de xestión sustentábel, moitas das que terán desaparecido polo camiño ou as que nen sequer cheguen a existir non se terán certificado. Se acrecentarmos o feito de que se teñen concedido axudas para levar a cabo este tipo de procesos de certificación e que nalgunhas ocasións se implementaron cun fin puramente comercial, é moi probábel que esta tendencia crecente dos últimos tempos non se manteña.

Cabe notar tamén que numerosas empresas actualmente continúan a implantar sistemas de xestión ambiental, o que fai destacar a importancia que a variábel ambiental está a tomar na xestión e desenvolvemento empresarial, non só polas numerosas esixencias legais, mais na maioría dos casos trátase de normas ou procedementos voluntarios.

O desenvolvemento económico dos últimos anos ten contribuído ao aumento das actividades industriais, motivo polo cal hai que ser coidadosos con ese crecemento e facelo de maneira que favoreza á sociedade e respecte o ambiente, un crecemento alicerzado na eficiencia, que reduza o consumo de enerxía e ofereza produtos respectuosos co ambiente. A sociedade a cada vez está máis concienciada nestes aspectos e corresponde ás empresas responder ás demandas desta, coidando temas tan importantes como a RSE. Apesar da difícil situación económica actual, as empresas máis anovadoras e aquelas que van á vangarda son as que se esforzan por ter un comportamento social e ambiental responsábel sen perder niveis elevados de competitividade.

Finalmente, lembrar a idea principal na que se alicerza o desenvolvemento sustentábel: *“Pensar globalmente, actuar localmente”*.

## **BIBLIOGRAFÍA**

### **OBRAS CONSULTADAS**

Carneiro, M. (2004), "La Responsabilidad Social Corporativa Interna: La nueva frontera de los Recursos Humanos"; Ed. ESIC, Madrid.

Morrós, J. y Vidal, I. (2005), "Responsabilidad Social Corporativa"; Ed. FC, Madrid.

Satorras, R. (2008) "Responsabilidad Social Corporativa: La nueva conciencia de las empresas y entidades", Ed. Bosch Mercantil, Barcelona.

Tarzia, V. (2003), "European Common Indicators: Towards a Local Sustainability Profile"; Ed. Ancora, Milano.

Navarro, F. (2008), "Responsabilidad Social Corporativa: Teoría y Práctica"; Ed. ESIC, Madrid.

Martínez, R. (2002), "Desarrollo Sostenible y Responsabilidad Social Corporativa"; Revista Fórum Calidad nº 136, Madrid.

Riego, P. (2004), "La Agenda 21 Local"; Ed. DEYNA, Madrid.

Garrido, F. (2005), "Desarrollo Sostenible y Agenda 21 Local: Prácticas, metodología y teoría"; Ed. IEPALA.

Creech, H. (2010), "The Sustainable Development Timeline"; Ed. IISD, Manitoba.

### **PÁXINAS WEB CONSULTADAS**

[www.iso.org](http://www.iso.org)

[www.accountability.org.uk](http://www.accountability.org.uk)

[www.sa-int.org](http://www.sa-int.org)

[www.europeangreencapital.eu](http://www.europeangreencapital.eu)

[www.globalreporting.org](http://www.globalreporting.org)

[http://ec.europa.eu/environment/emas/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/environment/emas/index_en.htm)

[www.forumcalidad.com](http://www.forumcalidad.com)

[www.aenor.es](http://www.aenor.es)

[www.fundacioncalidade.org](http://www.fundacioncalidade.org)

[www.observatoriocalidad.org](http://www.observatoriocalidad.org)

[www.ihobe.net](http://www.ihobe.net)

<http://medioambiente.xunta.es/listadoEmas.do>

## ANEXO

### Poboación das cidades españolas analizadas

<b>Cidade</b>	<b>Poboación*</b>
Alicante	334329
Barcelona	1615448
Bilbao	352700
Castellón	180114
Gijón	277559
Madrid	3265038
Oviedo	225391
San Sebastián - Donostia	186185
Terrassa	213697
Valencia	798003
Vigo	297241
Vitoria-Gasteiz	239562
Zaragoza	674725

(\*) Datos do padrón de habitantes de 2010

### Poboación das cidades europeas analizadas

<b>Cidade</b>	<b>Poboación</b>
Bari	320146
Boloña	377346
Brno	404068
Estocolmo	1287988
Goteborg	500085
Helsingborg	138193
Jönköping	127195
Malmö	282904
Milán	1336879
Nápoles	957838
Ostrava	326303
Palermo	658112
Praga	1262106
Roma	2783300
Turín	909205
Umeå	114966
Xénova	609746



